



**Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e  
Desenvolvemento Comunitario**

Traballo de  
fin de máster

**A participación infantil  
municipal en Galiza:  
percepcións e escenarios  
de oportunidade na  
construción de cidadanía**

Autor: Xabier Riádigos Couso

Titora: Rita Gradaílle Pernas

**Xullo 2022**

Traballo de Fin de Máster presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

A participación infantil municipal en Galiza: percepción e escenarios de oportunidade na construción de cidadanía

La participación infantil municipal en Galiza: percepciones y escenarios de oportunidad en la construcción de ciudadanía

Municipal child participation in Galiza: perceptions and scenarios of opportunity in the construction of citizenship

## Declaración Ética

D. Xabier Riádigos Couso alumno do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, en calidade de autor do TFM titulado “*A participación infantil municipal en Galiza: percepción e escenarios de oportunidade na construción de cidadanía*”.

Declara que,

O presente Traballo Fin Máster elaborado no marco do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario é unha investigación orixinal que en ningún dos seus apartados incorre en plaxio.

Para que conste aos efectos oportunos.

En Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2022

Asdo.: Xabier Riádigos Couso

## **Resumo**

A construción histórica das representacións sociais das infancias nas sociedades occidentais repercutiron na súa consideración como cidadanía, delimitando o tipo de relacións que se espera delas coas sociedades e entre as distintas xeracións. As sucesivas transformacións sociais, políticas, educativas e culturais nas últimas décadas deron lugar a novas cidadanías; alentadas, en parte, pola inclusión progresiva na vida pública das nenas, nenos e adolescentes a través da súa participación e acción cidadá. Así, o obxectivo principal desta investigación céntrase en analizar os marcos representacionais dos axentes socioeducativos implicados respecto da cidadanía das infancias, así como examinar os escenarios de oportunidade para a participación de nenas, nenos e adolescentes nos municipios colaboradores no estudo (Moeche, Tomiño e A Coruña). Dada a natureza cualitativa desta investigación, óptase por un estudo de caso múltiple no que se analizan os tres concellos caracterizados por unha acentuada experiencia en participación infanto-xuvenil. A información recolleuse mediante entrevistas en profundidade (8), grupos de discusión (4), obradoiros participativos (2), un cuestionario previo á realización do segundo obradoiro e análise de documentación.

Os principais resultados acadados poñen de manifesto: a) a existencia de dúas posicións claramente marcadas en canto ás representacións das infancias, a súa cidadanía e participación no ámbito local; b) os órganos municipais como escenario dominante nos que as formas de participación oscilan entre a proactiva e a consultiva; c) os efectos e as incidencias da participación infantil inciden en tres niveis: sobre as infancias, na comunidade e, en menor medida, na gobernanza municipal. As conclusións evidencian a necesidade de seguir avanzando na construción de estratexias conxuntas para promover cambios nas mentalidades compartidas socialmente sobre as infancias –como actores sociais con capacidades–, así como ampliar as oportunidades e escenarios para que estes colectivos poidan exercer o dereito á participación e situalo no centro das políticas públicas locais.

## **Palabras chave:**

Infancia, cidadanía, participación, representacións sociais, escenarios de participación<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> As palabras chave “representación social “ e “escenarios de participación” non se recollen nos tesoros educativos ERIC e Tesouro Europeo de Educación, sinalados na guía do Traballo Fin de Máster (TFM).

## **Resumen**

La construcción histórica de las representaciones sociales de las infancias en las sociedades occidentales ha repercutido en su consideración como cidadanía, delimitando el tipo de relaciones que se espera de ellas con las sociedades y entre las distintas generaciones. Las sucesivas transformaciones sociales, políticas, educativas y culturales en las últimas décadas dieron lugar a nuevas cidadanías; alentadas, en parte, por la inclusión progresiva en la vida pública de las niñas, niños y adolescentes a través de su participación y acción cidadana. Así, el objetivo principal de esta investigación se centra en analizar los marcos representacionais de los agentes socioeducativos implicados respecto de la cidadanía de las infancias, así como examinar los escenarios de oportunidade para la participación de niñas, niños y adolescentes en los municipios colaboradores en el estudio (Moeche, Tomiño y A Coruña). Dada la naturaleza cualitativa de esta investigación, se opta por un estudio de caso múltiple en el que se analizan los tres ayuntamientos caracterizados por una acentuada experiencia en participación infanto-juvenil. La información se recogió mediante entrevistas en profundidad (8), grupos de discusión (4), talleres participativos (2), un cuestionario previo a la realización del segundo taller y análisis de documentación.

Los principales resultados alcanzados ponen de manifiesto: a) la existencia de dos posiciones claramente marcadas en cuanto a las representaciones de las infancias, su cidadanía y participación en el ámbito local; b) los órganos municipales como escenario dominante en los que las formas de participación oscilan entre la proyectiva y la consultiva; c) los efectos y las incidencias de la participación infantil inciden en tres niveles: sobre las infancias, en la comunidad y, en menor medida, en la gobernanza municipal. Las conclusiones evidencian la necesidad de seguir avanzando en la construcción de estrategias conjuntas para promover cambios en las mentalidades compartidas socialmente sobre las infancias –como actores sociales con capacidades–, así como ampliar las oportunidades y escenarios para que estos colectivos puedan ejercer el derecho a la participación y situarlo en el centro de las políticas públicas locales.

## **Palabras clave:**

Infancia, cidadanía, participación, representaciones sociales, escenarios de participación

## **Summary**

The historical construction of the social representations of children in Western societies has had an impact on their consideration as citizens, delimiting the type of relationships expected of them with societies and between different generations. The successive social, political, educational and cultural transformations in recent decades have given rise to new citizenships; encouraged, in part, by the progressive inclusion of children and adolescents in public life through their participation and citizen action. Thus, the main objective of this research focuses on analyzing the representational frameworks of the socio-educational agents involved with respect to the citizenship of children, as well as examining the scenarios of opportunity for the participation of children and adolescents in the municipalities collaborating in the study (Moeche, Tomiño and A Coruña). Given the qualitative nature of this research, a multiple case study was chosen to analyze the three municipalities characterized by a strong experience in child and adolescent participation. The information was collected through in-depth interviews (8), discussion groups (4), participatory workshops (2), a questionnaire prior to the second workshop and analysis of documentation.

The main results obtained reveal: a) the existence of two clearly marked positions regarding the representations of children, their citizenship and participation at the local level; b) the municipal bodies as the dominant scenario in which the forms of participation oscillate between projective and consultative; c) the effects and impacts of child participation have an impact on three levels: on children, on the community and, to a lesser extent, on municipal governance. The conclusions show the need to continue advancing in the construction of joint strategies to promote changes in the socially shared mentalities about children –as social actors with capacities–, as well as to expand the opportunities and scenarios so that these groups can exercise their right to participation and place it at the center of local public policies.

## **Keywords:**

Childhood, citizenship, participation, social representations, participation scenarios

*Nenas, nenos e adolescentes son protagonistas das súas vidas  
e teñen capacidade progresiva de acción autónoma,  
non son 'unha entelequia ou proxecto de futuro do adulto.*

*(Ravetllat, 2015, p. 92).*

*Os nenos e as nenas só se converterán plenamente en suxeitos de dereitos  
cando os seus dereitos humanos se consideren tamén dereitos de axencia,  
e cando se recoñezan os seus intereses como persoas capaces de actuar.*

*(Lieber, 2018, p. 621).*

Agradecer a todas as persoas que dun xeito ou doutro fixeron posíbel que este traballo vira a luz, resulta un acto de recoñecemento e xustiza. Grazas a elas, este desafío transformouse nunha experiencia enriquecedora e chea de novas aprendizaxes e vivencias que contribúen de maneira encarecida á miña bagaxe emocional e vital.

Ao grupo motor galego –Héctor Pose, María Barba e Bea León, da Universidade da Coruña– pola súa acollida, disposición e confianza mostrada cara a min nesta novel experiencia investigadora. En especial, por todo o seu traballo en aras de seguir avanzando no cambio de miradas sobre as infancias e adolescencias. Así mesmo, a Ana Novella, Marta Sabariego e demais colegas do equipo ChildCity, da Universitat de Barcelona, Sevilla e a UNED. Por suposto, a todas as nenas, nenos e adolescentes que fan realidade os consellos locais e aquelas e aqueles que virán para transformar e mellorar as súas/nosas realidades.

Aos Concellos de Moeche, Tomiño e A Coruña polo seu compromiso para facer realidade o dereito á participación das xeracións máis novas, agardando que continúen apostando por esta responsabilidade compartida na tarefa de conseguir sociedades máis inclusivas, democráticas e, sobre todo, máis humanas.

Á Profesora Rita Gradaílle agradézolle a súa confianza, atención e trato mostrado nos dous últimos anos para que os retos se converteran en alegrías e motivos para continuar o camiño, coa esperanza de seguirmos compartindo novos desafíos académicos e profesionais.

A miña nai, irmá e irmán por estar de maneira inesgotábel ao meu carón e ser alento e sostén das miñas utopías. Polo seu apoio e cariño incondicional con maior intensidade no último lustro. Eternamente agradecido, entrañábel e querida familia.

Como non, a miña tía Luísa (*Madríña* de toda a familia) polos seus ánimos, a súa alegría manifestada polos meus logros e a súa inesquecível pregunta: *E ti, como che van os estudos?*

A todas as amizades que me arrouparon con agarimo e cos mellores desexos para continuar medrando cara arriba no persoal e no profesional (Roberto, Rebeca, Fanny, Vanessa, Pablo, Patricia, Ani, Noelia...).

Por último, dificilmente atopo as palabras axeitadas para agradecer a Ana toda a súa comprensión, o seu respecto cara aos meus soños e polas miñas ausencias e momentos que deixamos de vivir. De corazón e dende o amor, grazas, benquerida compañeira de vida.

*Novamente, a todas e cada unha de vós, grazas inconmensurábeis por estar, ser e facer.*

## Índice

Introdución .....	1
1. Obxectivos e preguntas da investigación .....	3
2. Marco teórico-conceptual.....	3
2.1. As representacións sociais das infancias, da súa participación e cidadanía nas sociedades occidentais .....	4
2.1.1. As representacións sociais –como teoría da construción social– das infancias .....	5
2.2. A poliédrica cidadanía das infancias no erario sociocultural occidental: un proceso en transición cara ao cambio de miradas.....	7
2.2.1. As cidadanías das infancias no punto de mira das sociedades democráticas e inclusivas .....	9
2.3. A participación das infancias como paradigma para acadar unha cidadanía inclusiva, crítica e transformadora para desenvolver a democracia .....	12
2.3.1. De suxeitos de dereitos á diversidade de enfoques para exercer o dereito á participación social.....	12
2.3.2. Definindo o concepto multidimensional da participación infantil .....	14
2.3.3. Niveis, formas e escenarios de oportunidade para o impulso da participación social das infancias.....	18
2.3.4. Efectos e incidencias educativas da participación nas NNAs, na gobernanza e na comunidade/municipio .....	21
3. Metodoloxía de investigación.....	25
3.1. Enfoque metodolóxico .....	25
3.2. Mostra intencional e definición de caso múltiple .....	26
3.3. Instrumentos de recollida de información.....	28
3.4. Análise e interpretación dos datos cualitativos.....	33
4. Aproximación contextual.....	34
5. Resultados e discusión .....	40
6. Conclusións e prospectiva .....	62
Referencias bibliográficas .....	67
Anexos .....	76

## Índice de Táboas

Táboa 1 Relación dos obxectivos e preguntas da investigación .....	3
Táboa 2 Condicións básicas para unha participación efectiva, ética e significativa das infancias .....	15
Táboa 3 Percepción da incidencia da participación na cidadanía .....	23
Táboa 4 Beneficios da participación das infancias de Wright e outros .....	24
Táboa 5 Sistema de códigos .....	34
Táboa 6 Relación entre palabras de NNA sobre participación e achegas educativas .....	53
Táboa 7 Relación entre escenarios de oportunidade, departamentos e axentes vinculados .....	56

## Índice de Figuras

Figura 1 Clasificación de cidadanías das infancias .....	10
Figura 2 Dimensións do concepto de participación infantil .....	14
Figura 3 Procedementos a seguir para acadar unha participación valiosa das infancias .....	16
Figura 4 Formas de participación infantil e adolescente .....	19
Figura 5 Contextos de participación infantil .....	20
Figura 6 Técnicas e instrumentos de recollida de información .....	29
Figura 7 Palabras asociadas ao concepto infancias .....	44
Figura 8 Palabras asociadas ás cidadanías da infancia .....	48
Figura 9 Palabras asociadas á participación das infancias .....	51
Figura 10 Palabras asociadas a formas de participación da infancia .....	52
Figura 11 Escenarios de oportunidade para a participación infantil .....	54
Figura 12 Escenarios de oportunidade para a participación de NNA no municipio .....	54

## Siglas e acrónimos

CAI:	Cidades Amigas da Infancia
CDN:	Convención sobre os Dereitos do Neno/a
CE:	Cidades Educadoras
CLIA:	Consello Local da Infancia e Adolescencia
CNIAC:	Consejo Nacional de los Infantes y Adolescente de Cataluña
FoPIA:	Foro de Participación Infantil e Adolescente
GD:	Grupo de Discusión
GPIA:	Grupo de Participación da Infancia e a Adolescencia
IGE:	Instituto Galego de Estatística
INE:	Instituto Nacional de Estadística
IUNDIA:	Instituto Universitario de Necesidades e Dereitos da Infancia
NNA:	Nenas, Nenos e Adolescentes
ODS:	Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel
PIIA:	Plan Municipal de Infancia e Adolescencia
RS:	Representación Social
TFM:	Traballo de Fin de Máster
UNED:	Universidade Nacional de Educación a Distancia
UNICEF:	Fondo das Nacións Unidas para a Infancia
USC:	Universidade de Santiago de Compostela

## Introdución

Este Traballo de Fin de Máster (TFM) incardínase na segunda fase do proxecto de investigación en activo “*Infancia y participación. Diagnóstico y propuestas para una ciudadanía activa e inclusiva en la comunidad, las instituciones y la gobernanza*”<sup>2</sup> (RTI2018-098821-B-I00), liderado polo equipo ChildCity conformando por investigadoras e investigadores das Universidades de Barcelona, A Coruña, Sevilla e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED); en colaboración con UNICEF-Cidades Amigas da Infancia e a Asociación Internacional de Cidades Educadoras. Para desenvolver o proxecto fixéronse unha serie de dimensións xerais e específicas a explorar na análise desta segunda fase da investigación. O TFM que se presenta centra o seu foco de estudo en dúas dimensións específicas, concretamente na dimensión 3 “Representación social da Infancia” e a dimensión 4 “Escenarios de oportunidade”.

Así, este traballo sitúase na modalidade de investigación de campo na que se realiza unha aproximación á realidade da participación social de nenas, nenos e adolescentes (NNA) no ámbito municipal en Galiza, a través dos órganos e das experiencias de participación infantil en tres concellos (Moeche, Tomiño e A Coruña). De aí que o obxectivo principal se centre en analizar os marcos representacionais dos axentes socioeducativos implicados respecto da cidadanía das infancias, así como en examinar os escenarios e iniciativas de oportunidade nos municipios colaboradores na investigación que fomentan a participación de NNA. En base a estes tópicos que guían o estudo, fórmulanse as seguintes preguntas da investigación: Que representacións teñen os informantes sobre as infancias, a súa cidadanía e a participación? Cales son os escenarios de participación infanto-xuvenil que ofrecen os municipios participantes? Que características posúen os escenarios identificados nos municipios participantes? Cales son os efectos e aprendizaxes producidos pola participación das nenas, nenos e adolescentes nos escenarios de oportunidades descritos?

O problema proposto para o seu estudo –a participación municipal da infancia e adolescencia– mantén unha afinidade estreita con dúas liñas temáticas do Máster. En primeiro lugar, coa liña de “Pedagogía social, educación social e áreas de intervención socioeducativa” no sentido en que a Pedagogía Social –como teoría– e a Educación Social –como práctica– resultan claves para garantir a formación da cidadanía e os seus dereitos; á vez que a participación das persoas supón o medio e o fin en calquera proceso socioeducativo de transformación e mellora das respectivas realidades. En segundo lugar, coa “Educación cidadá e dereitos humanos” en tanto que a participación resulta un elemento primordial para educar na cidadanía e poder exercela, ao tempo que comporta un dereito

---

<sup>2</sup> Para máis detalles, consúltese a páxina oficial do proxecto: <https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/>

humano recoñecido internacionalmente e necesario para ser cidadá/n. Unha condición que require ser recoñecido como suxeito de dereitos e que, no caso das infancia, conferiuse coa Convención dos Dereitos da Infancia (1989). Ademais, de acordo con Aguado et al. (2018), a cidadanía apréndese exercéndoa e os espazos de participación son escolas de cidadanía.

En canto á elección do problema de investigación vén motivada por varios aspectos ou circunstancias de carácter persoal e formativo/profesional. Primeiro, o interese persoal no tema de investigación viuse reforzado tanto pola faceta profesional de monitor de tempo libre en campamentos de verán como pola experiencia vivida co Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) do Concello de Teo, centrando o obxecto de estudo do Traballo Fin de Grao realizado para a obtención do Grao en Educación Social. En segundo termo, pola posibilidade que me brindaron para participar no proxecto de investigación do que forma parte este traballo (TFM), e que permite ao autor seguir avanzando neste obxecto de estudo e continuar a súa formación –e especialización– investigadora nesta liña temática.

Por outra banda, o asunto da participación cidadá e, en particular, a participación das infancia<sup>3</sup> é de especial interese no ámbito da investigación, tal e como se reflicte na revisión bibliográfica realizada. Isto débese, en parte, a tres cuestións principais: 1) porque a participación ten que ser inherente a todo sistema democrático; 2) á necesidade de recoñecer á poboación infanto-xuvenil como cidadanía do presente.; e 3) ao poder educativo e aos beneficios que reporta a participación tanto nas NNA e demais axentes como nos diferentes ámbitos e contextos nos que ten lugar (familia, escola, comunidade, etc.).

A estrutura do traballo ten un sentido intencional (González et al., 2014) que se inicia cos obxectivos fixados da investigación, dando paso ao marco teórico-conceptual que orientan os contidos tratados, concretados en dous bloques principais: 1) as representacións sociais (RS) sobre as infancia, a súa cidadanía e a participación social; e 2) os escenarios socioeducativos que posibilitan exercer ambos dereitos a nivel municipal e a súa incidencia nos diversos axentes implicados. Seguidamente, recóllese a metodoloxía empregada de carácter cualitativa centrada no estudo de casos (Moeche, Tomiño e A Coruña). O cuarto apartado correspóndese coa contextualización dos casos analizados, para dar paso aos resultados dos datos recadados coa correspondente análise e discusión dos mesmos. A continuación, preséntanse as conclusións máis relevantes do estudo sen obviar as súas

---

<sup>3</sup> De acordo cos principios de linguaxe inclusiva, neste traballo óptase por facer uso: i) de *desdobramentos en feminino e masculino* atendendo ao criterio de orde alfabética fronte ao tradicional emprego do masculino; ii) do concepto *infancias* en plural, como recoñecemento da pluralidade de formas en que a infancia é vivida por razóns de xénero, orixe, contexto socioeconómico, etc. Con todo, déixase constancia que o emprego do concepto infancia en singular como construción social é tamén procedente.

limitacións e as posibles liñas de investigación para continuar abordando o obxecto de estudo. Finalmente, acompañanse as referencias bibliográficas nas que se sustenta o traballo así como os anexos que o complementan.

### 1. Obxectivos e preguntas da investigación

O obxectivo xeral da investigación céntrase en analizar os marcos representacionais dos axentes socioeducativos implicados respecto da cidadanía das infancias, así como examinar os escenarios e iniciativas de oportunidade nos municipios colaboradores na investigación (Moeche, Tomiño e A Coruña) que fomentan a participación de nenas, nenos e adolescentes. Na Táboa 1 sintetízase a relación dos obxectivos xerais e específicos que materializan este desafío, xunto coas preguntas que guían a investigación:

**Táboa 1**

*Relación dos obxectivos e preguntas da investigación*

Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Preguntas de investigación
Analizar os marcos representacionais sobre a cidadanía das infancias que manifestan os axentes socioeducativos implicados	1. Caracterizar os conceptos infancia, cidadanía, participación infantil e formas de participación dende a perspectiva dos diferentes informantes entrevistados.	1. Que representacións teñen os informantes sobre as infancias, a súa cidadanía e participación?
Examinar os escenarios e iniciativas de oportunidade ofrecidos nos municipios colaboradores na investigación (Moeche, Tomiño e A Coruña) que fomentan a participación de nenas, nenos e adolescentes.	2. Elaborar un mapa de escenarios de oportunidades de participación infantil e adolescente dos municipios participantes.	2. Cales son os escenarios de participación infanto-xuvenil que ofrecen os municipios participantes?
	3. Caracterizar os diferentes escenarios de participación municipal atendendo aos criterios de oportunidades, axentes vinculados e as súas consideracións valorativas.	3. Que características posúen os escenarios identificados nos municipios participantes?
	4. Explorar a incidencia (efectos e aprendizaxes) da participación de nenas, nenos e adolescentes nos escenarios de oportunidades descritos.	4. Cales son os efectos e aprendizaxes producidos pola participación das nenas, nenos e adolescentes nos escenarios de oportunidades descritos?

### 2. Marco teórico-conceptual<sup>4</sup>

Na primeira parte do TFM recóllense as bases teórico-conceptuais que orientan os contidos desta investigación, co afán de comprender o fenómeno obxecto deste estudo e coñecer o estado da cuestión. A tal fin, este apartado estrutúrase en base a dous piares principais: 1) as representacións sociais (RS) sobre as infancias, a súa cidadanía e a participación social; 2) os escenarios socioeducativos que posibilitan exercer ambos dereitos a nivel municipal e a súa incidencia nos diversos axentes implicados (nenas, nenos e adolescentes, gobernanza e comunidade).

<sup>4</sup> Este apartado do informe apóiase parcialmente no Traballo de Fin de Grao de autoría propia, con referencia: Riádigos, X. (2021).

## 2.1. As representacións sociais das infancias, da súa participación e cidadanía nas sociedades occidentais

Como paso previo a indagar no problema de investigación, é coherente aproximarse á difícil tarefa de significar o concepto/noción de representación social (RS). Se ben existen diversas fórmulas para definir unha RS, desde as distintas disciplinas ou perspectivas multidisciplinares (Psicoloxía Social, Socioloxía, Antropoloxía, Psicoloxía Cognitiva, Epistemoloxía da Ciencia, a Hermenéutica...), pódese afirmar que todas comparten o denominador común de entender as RS como un sistema de elementos organizados e relacionados coa intención de dar sentido a unha realidade que se (re)elabora nas interaccións sociais (García, 2021).

No campo da Psicoloxía Social, con Serge Moscovici (1976) como principal referente, enténdese como unha forma de coñecemento socialmente elaborado e compartido, cuxo coñecemento non só alude a unha realidade senón que ademais contribúe á súa construción social (colectiva); da que se obtén o coñecido como “sentido común” asociado a determinadas ideas, pensamentos e imaxes compartidas sobre realidades específicas – naturais ou socioculturais–, cargadas dun forte sentimento que posúe a súa lóxica (Casas, 2006; Gaitán, 2018b). Porén, para que se produza esta construción da RS requírese – segundo Casas– dun proceso dialéctico entre dous elementos: a *obxectivación* (o abstracto pasa a concretarse) e a *ancoraxe* (entre a representación e o obxecto, pasando o obxecto a integrarse no sistema de pensamento preexistente para dotalo de significados e utilidades, guiando as condutas e as relacións sociais).

Pola súa parte, o ámbito da Socioloxía achegou o concepto de “representacións colectivas” –dos clásicos estudos de Emile Durkheim (1898-1912)– referíndose ás construcións colectivas que van máis aló dos individuos, que existen con independencia dos suxeitos que as empregan e que son propias do acerbo cultural das colectividades (Delgado, 2004). Namentres, Berger e Luckman (1978), falan de “construción social da realidade” concibida como un proceso dialéctico continuo caracterizado por tres momentos concretos: 1) *externalización* do ser humano a través da súa actividade; 2) *obxectivación*, como proceso no que o producido e externalizado se obxectiviza; e 3) *internalización*, como o derradeiro momento no que o mundo social obxectivado retorna á súa proxección na conciencia (Gaitán, 2018b).

Jodelet (2008) sitúa as representacións sociais nun punto intermedio entre a Psicoloxía e a Socioloxía, identificándoas coa forma en que os suxeitos apreenden os acontecementos da vida cotiá, o coñecemento espontáneo, inxenuo ou pensamento natural –o saber do “sentido común”, en contraposición ao pensamento científico–, formado en base ás experiencias

vividas, informacións, coñecementos e modelos de pensamento que reciben e transmiten os individuos por medio da tradición, a educación e a comunicación social. De aí que as RS se consideren como un “coñecemento práctico, socialmente elaborado e compartido”, coincidindo coas achegas da escola de Moscovici (Delgadillo, 2004, p.43). Nun sentido máis amplo, conclúese que as RS nomean unha forma de pensamento social (Jodelet, 2008).

Baixo estas premisas conceptuais pódense extraer dúas lecturas: en primeiro lugar, as persoas non posúen RS, máis ben, comparten representacións sobre a realidade social; en segundo lugar, a posibilidade de construír socialmente as calidades do sentido común propio ante novos “obxectos” do coñecemento ( cousas, outros, grupos, etc.), neste caso, das infancias e adolescencias (Gaitán, 2009). Ter presente estas apreciacións permitirá comprender as distintas representacións colectivamente compartidas que recaen ao longo da historia nas sociedades occidentais sobre estes colectivos; á vez que permiten interpretar como estas RS repercuten na súa consideración como cidadanía e na (de)limitación das relacións das nenas, nenos e adolescentes coas súas sociedades de pertenza.

### **2.1.1. As representacións sociais –como teoría da construción social– das infancias**

Advertía Casas (2006, p. 29) que a infancia, como “conxunto de poboación dun territorio ou sociedade”, non só é unha realidade observábel e obxectivábel senón unha realidade representada tanto individual como colectivamente. Unha situación que –segundo o autor– débese a que a complexidade de moitos fenómenos sociais radica na posibilidade da non coincidencia entre a realidade e a representación social que maiormente comparte unha determinada sociedade. Ademais, aínda que resulte paradoxo, dita representación forma parte –en xeral– tanto da realidade social como da propia realidade representada polas persoas. Extrapolando esta interpretación ás infancias, obsérvase que este fenómeno social está configurado pola combinación entre un conxunto de persoas cunhas características dadas e a/s idea/s –en maior ou menor medida– amplamente compartidas sobre que é a infancia. En consecuencia, e de acordo con Casas, esta subpoboación queda supeditada a como cada sociedade concibe a infancia en cada momento histórico.

Así, no transcurso da historia occidental predominaron diversas representacións (ideas e actitudes) que transitan entre visións positivas, negativas e/ou ambivalentes e cambiantes. Do conxunto de análises e estudos realizados débense as seguintes propostas sobre que se entende por infancia(s) (Ariès, 1960; Casas, 2006; De Mause, 1974; Gaitán, 2006 e 2018b; Novella, 2015; Verhellen, 1992):

- Como *categoría social* distinta da poboación adulta no marco dunha estrutura social organizada, que é cambiante e dinámica.

- Un *mundo imaxinario construído polas persoas adultas*, dando lugar a numerosos mitos sobre a natureza destes colectivos.
- Como *grupo social en interacción con outro grupo social*, co estigma de xerar dinámicas de supracategorización que poñen a énfase nas similitudes intragrúps (o conxunto de nenas e nenos que “aínda non” son capaces, competentes, responsábeis, fiábeis, posúen suficientes coñecementos, non teñen os mesmos dereitos, etc.) e as diferenzas intergrupais, onde as persoas adultas “xa son”.
- Como conxunto de persoas sometidas a unha *moratoria social*; isto é, as NNAs contan socialmente “polo que serán” no futuro, pero aínda non hoxe. Polo tanto, non son cidadanía do presente como o resto da poboación adulta (que si vota) e son “cidadanía do mañá”. En palabras de Gaitán (2018b, p. 33) non son cidadanía plena senón antes “persoas que transitan por unha zona de espera até acadar iguais dereitos aos que gozan as persoas adultas”.
- Unha *etapa do ciclo vital* asignada a unha idade convencional sobre a que non existe un acordo explícito. Por exemplo, a Convención sobre os Dereitos de Nenos/as<sup>5</sup> recoñece como nenos e nenas ás persoas menores de 18 anos, mentres que a lexislación galega<sup>6</sup> sitúa á infancia na cohorte dos 12 anos e á adolescencia desde esta idade até a maioría establecida por lei (os 18 anos).
- Tamén, se identifican cun *período temporal* relacionado co proceso biolóxico de maduración individual (física, cognitiva, emocional...).
- Incluso, na actualidade, a construción social que impera sobre a infancia é a dunha *etapa temporal* de preparación para o futuro de “aquilo que serán”, producíndose unha catalogación das NNAs como seres humanos en formación, incompletos, moldeables e controlables debido a que “aínda non son”. Por tanto, son seres dependentes incapaces de actuar por si mesmos/as e, en ocasións, até privados dun xuízo moral correcto (Gaitán, 2018b). Noutras palabras, as NNAs son o reverso imaxinario das persoas adultas que si son cidadanía de pleno dereito.

Desta amálgama de representacións sobre as infancias pódese extraer que existiu –e aínda existe– unha intención por parte das persoas adultas de manter ás nenas, nenos e adolescentes na categoría homoxénea e separada de *menores*, fronte á necesidade de afondar nos procesos de socialización e na construción de novos consensos sociais coas últimas xeracións (Casas, 2006). Esta distinción de trato axuda a comprender porqué un

---

<sup>5</sup> No traballo tamén se cita como “a Convención” ou “a CDN”.

<sup>6</sup> Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110713/AnuncioC3B0-050711-4044\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110713/AnuncioC3B0-050711-4044_gl.html)

amplio sector do mundo adulto mantén unha oposición a que se discuta e incrementa a participación social da poboación máis nova; unha conduta que se opón ao recollido na Convención sobre os Dereitos das Nenas e Nenos (1989). Ao tempo, este comportamento adulto prexudica as relacións entre as persoas adultas e NNAs, dando lugar a perspectivas baseadas nas diferenzas e non nas similitudes. De aí que se considere a existencia de dereitos e responsabilidades distintas que –por ende– poñen en dúbida a *universalidade dos dereitos humanos* de todos os seres humanos, incluídas as infancias e adolescencias. Remitíndose á evidencia empírica que mostra a realidade da vida cotiá, é sabido que hai dereitos humanos fundamentais que foron denegados a NNAs por razóns de idade.

Así mesmo, estas representacións amplamente compartidas non foron alleas ao coñecemento e á investigación científica do ámbito de estudo das infancias, dende unha notábel parte das disciplinas científicas que sucumbiron a estas visións nesgadas das infancias; unha circunstancia que, segundo Casas (2006), denota certa falta de rigor. Por fortuna, estas posturas e prácticas científicas atópanse nun proceso –lento– de transformación cara a formas máis participadas no estudo e coñecemento das realidades das NNAs, outorgando o papel de protagonistas das mesmas e considerándoos seres competentes con capacidades *de* e *para* melloralas en calidade de cidadás/ns e actores sociais. Esta consideración foi cuestionada con firmeza dende a *Nova Socioloxía das Infancias* a través da investigación social, apoiándose nos estudos de Qvortrup (1993) e Gaitán (2006), entre outros. Con todo, a cuestión do recoñecemento, habilitación e respecto cara ao exercicio da cidadanía destes colectivos non está exento do debate público actual.

## **2.2. A poliédrica cidadanía das infancias no erario sociocultural occidental: un proceso en transición cara ao cambio de miradas**

Tendo en conta que a noción de *ciudadanía* procede da antiga Grecia e que foi impulsada coa aparición do liberalismo nos séculos XVII e XVIII tras as distintas revolucións (francesa, inglesa e americana), na actualidade non existe unha concepción unívoca de –como debería ser a– cidadanía. Un concepto dinámico e en constante evolución, influenciado por factores como o tempo, as ideoloxías ou as características das sociedades de cada momento. Por estas razóns, as conceptualizacións atribuídas ao longo da historia son numerosas, destacando a definición moderna –e tradicional– do sociólogo Thomas H. Marshall dos pasados anos 50, quen lle outorga o cualificativo de *estatus* que é concedido aos membros de pleno dereito dunha comunidade; nela, as persoas gozan en igualdade de condicións dos dereitos, deberes e obrigacións que o requisito de ser cidadán implica. Ademais, o autor distingue tres compoñentes inherentes ao exercicio destes dereitos: o civil, necesario para a liberdade individual; o político, para exercer o dereito á participación directa no poder político

e na toma de decisións; e o social, como garante do benestar social e económico, á vez que permite participar no legado social (Gaitán, 2018b; Seguro, 2016).

A visión universalista dada por Marshall, en parte foi minguando debido ás transformacións sociais, económicas e culturais do século XX e ás críticas recibidas por parte doutros autores e outras teorías –a feminista por exemplo–; alegando –en ambos casos– que a concepción de cidadanía adoece de certas limitacións por fundamentarse nos principios de semellanza dos individuos en estruturas homoxeneizadoras, por obviar elementos relacionados coas desigualdades, pola desigual distribución dos recursos, polas diferenzas de poder e clase social ou polo recoñecemento dos dereitos individuais. Por conseguinte, elude o recoñecemento das diferenzas entre iguais e a visibilidade dos sectores sociais máis oprimidos, non sempre presentes e recoñecidos. Do resultado da conxunción entre a definición de Marshall e as súas críticas, prodúcese o recoñecemento de dereitos especiais cara a estes grupos, entre os que se atopan as infancias e tamén unha reconceptualización do concepto de cidadanía (Gaitán, 2018b; Llena & Novella, 2018).

Entre os factores causantes deste xiro conceptual, seguindo a Gaitán (2018b) e Llena e Novella (2018), destacan o (re)xurdimento dun novo tipo de actor político e social: as NNAs. Non obstante, aseguran que –nesta versión actualizada– para ser considerado/a cidadá/n requírese ter recoñecida a condición como suxeito de dereito, que no caso das infancias non acontece até a aprobación da CDN; ao que se engade o debate respecto da consideración das infancias como actores sociais emerxentes. Uns aspectos que esixen reformulacións nas distintas esferas públicas das sociedades e que serán abordados no seguinte apartado.

A clasificación proposta por Westheimer e Khane (2004), distingue tres tipos de cidadanía (persoalmente responsábel, participativa e orientada cara a xustiza social), e considérase que –alén dos dereitos e responsabilidades– a *participación social* do conxunto de membros dunha comunidade resulta esencial para acadar o auténtico estatus de cidadanía, ao tempo que se converte nun elemento chave para o desenvolvemento das democracias e a xustiza social (Seguro, 2016).

Cunha mirada renovada, Guichot (2013, 2014) tamén alude aos conceptos de *ciudadanía democrática*, que Parker e Jarolimek (1984) definen como o grupo de persoas informadas e comprometidas cos valores democráticos, convencidas de participar nas esferas política, social e económica; e tamén de *ciudadanía crítica*, caracterizada por basearse no pensamento libre e autónomo (emanada da Pedagogía Crítica de Paulo Freire, encabezada polos principios de autonomía e conciencia social) fronte á tradición e á autoridade propias da corrente (neo)liberal dominante (Doganay, 2012). Así, coincidindo con Esteban e Novella (2018), a aposta por unha *ciudadanía democrática e crítica* debe pasar ao plano da acción a

fin de atender ás responsabilidades colectivas, onde a *participación cidadá* supón o motor (medio) para facelas realidade, incluíndo –por suposto– ás xeracións máis novas.

Seguindo esta perspectiva –aínda con certo cariz crítico, inclusivo e activo–, Ramírez e Contreras (2014, p. 98) consideran a cidadanía como “a práctica que cobra sentido nun espazo onde as persoas se organizan en torno o seu actuar e falar xuntas, accións que se sustentan na pluralidade/diversidade froito das singulares condicións de cada unha”. A pesar deste carácter inclusivo e crítico, en contadas ocasións e situacións, evítanse aos colectivos máis novos da sociedade: as nenas, nenos e adolescentes. Como matiza Gaitán (2018b), a cidadanía resulta –máis ben– unha propiedade e atributo que adquiren as persoas adultas pola súa condición de maior de idade. A propia autora distingue dúas alternativas ao concepto clásico de cidadanía: *ciudadanía activa* e *ciudadanía diferenciada*. Unha cuestión relativa á diversidade conceptual do termo cidadanía que se evidencia na lectura e análise da bibliografía seleccionada para construír o fío argumental que se presenta neste subapartado, identificando a presenza de discrepancias e/ou dilemas en canto ao tema da cidadanía dos sectores sociais máis novos: as infancias.

### **2.2.1. As cidadanías das infancias no punto de mira das sociedades democráticas e inclusivas**

Nas sociedades actuais, definidas como democráticas, son as nenas e os nenos cidadás e cidadáns? Advertía Lister (2007b) que, en liñas xerais, veñen coexistindo no debate público e na literatura especializada dúas tendencias predominantes –en certa medida opostas– que oscilan substancialmente entre dous extremos nos que se articulan os discursos actuais. Dunha parte sitúanse aquelas percepcións que consideran ás NNA como ‘ciudadanía en espera ou en proceso de formación’ ou ‘aprendices de cidadanía’; isto é, a cidadanía como atributo das persoas adultas cuxos dereitos se adquiren coa chegada á maioría de idade. Por outra, no extremo oposto, están as posicións que afirman que as NNAs xa son cidadanía do presente; é dicir, actores sociais con sentido de axencia e posuidores de competencias en distintos graos. No entanto, as voces críticas avisan que esta polarización dicotómica resulta un tanto reducionista posto que existen diversas posibilidades ou posturas intermedias neste rango espacial, como se mostra na Figura 1.

Para este traballo resulta interesante a clasificación elaborada por Gaitán e Liebel (2011), na que se recolle un conxunto de propostas no exercicio de encaixe das accións da cidadanía destes colectivos:

- *Ciudadanía como práctica*: adoptado por Lawt e Biesta (2006) fronte á percepción de cidadanía como logro; parte da convicción de que todas as persoas –incluídas as máis novas– pasan pola cidadanía como práctica mediante unha serie de relacións


formais correlacionadas cos xeitos de vida reais das persoas, evitando os citados estatus e polarizacións (cidadá versus aínda non cidadá). Por estas razóns, entenden que “cidadanía é un concepto *incluínte* e *relacional* que está situado necesariamente en diferentes medios socioeconómicos, políticos e culturais” (p. 43).

- *Cidadanía dende abaixo*: tamén parte da práctica da vida cotiá e non está ligada a requisitos normativos. Neste caso, Liebel (2006) xustifica que esta cidadanía dáse nas situacións nas que existe carencia de poder e de dereitos (por exemplo, en movementos de protestas infantís nos países do Sur global). Esta proposta será posíbel se as NNA están apoderadas, (auto)creando unha conciencia colectiva para os intereses comúns e demandas concretas.
- *Cidadanía centrada na diferenza*: esta modalidade atopa os seus referentes na crítica feminista do concepto tradicional de cidadanía universal, con Moosa-Mitha (2005) como autora especializa deste enfoque no ámbito das infancias. Aquí obsérvase un salto cualitativo e substancial respecto á visión de NNAs, vistas como cidadás/ns iguais con dereito de pertenza ás sociedades en calidade de membros ‘diferentemente iguais’. En palabras de Gaitán (2018b, p. 44), as nenas e nenos “deben ser recoñecidos sobre a base dunha diferenza social”, superando así o trato e comprensión destes colectivos como se foran persoas adultas. Tamén nesta concepción se atribúe a falta de autoridade e presenza das NNA –e non ás carencias de certas competencias– como causantes de que a sociedade eluda os seus puntos de vista e, por ende, a súa condición de cidadanía.

Así mesmo, Lister (2007a,b) refire a outras cidadanías: 1) *ciudadanía vivida*: como o propio significado de cidadanía ten na vida das persoas e as maneiras nas que as circunstancias afectan e inflúen nas vidas das persoas; 2) *ciudadanía inclusiva*, como alternativa ao binomio inclusión/exclusión que fomenta a perspectiva tradicional. Por último, a 3) *ciudadanía activa* das infancias, abordada no informe do Inter-Agency Working Group on Children’s Participation (IAWGP, 2008), pero dende unha postura crítica debido ao descoido na atención e na materialización dos dereitos de cidadanía de NNA até o momento.

### Figura 1

Clasificación de cidadanías das infancias



Así as cousas, este estudo sitúase no paradigma que fomenta a *cultura da participación* de NNA focalizado na construción dunha cidadanía crítica, participativa e transformadora dende idades temperás no marco das sociedades que se definen como democráticas e inclusivas (Mata et al., 2013; Melero et al., 2021). Para continuar na senda que dirixe ao logro do reto do recoñecemento e a práctica da cidadanía de NNA, Gaitán (2018a,b) propón unha serie de “tips” relativas aos seus dereitos (cívís, políticos e sociais) que demandan sen contemplacións unha implicación e un compromiso político férreo:

- Sobre os *dereitos cívís*: a falta de espazos para a práctica da súa cidadanía e inclusión, directamente vinculado co dereito a ser escoitados/as (sobre todo o recollido no artigo 12.2 que alude aos procedementos xudiciais ou administrativos ou os “novos” espazos virtuais). Estas limitacións condicionan as oportunidades para desenvolver prácticas cívicas, recoñecer, recuperar e crear os seus espazos, e – incluso– para organizar ou participar nas distintas manifestacións que permiten expresar e reivindicar as súas demandas.
- No ámbito dos *dereitos políticos*: o esquecemento do artigo 15 relativo ao dereito á reunión repercute –con especial preocupación– no exercicio da participación; pois permite desenvolver unha conciencia cidadá entre os iguais, favorecer a auto-organización, asumir responsabilidades en aras da súa comunidade e tamén defender os seus dereitos. Unhas limitacións que se relacionan con aspectos referidos á idade para reunirse e ao dominio destes espazos de asociación por parte das figuras adultas. Por outra banda, destaca a falta de debate respecto ao exercicio do voto no territorio español, con dúas posturas claramente confrontadas: unha que se manifesta en contra, cuxa máxima é manter o *statu quo* alegando a comentada “falta de” competencias; e outra que se posiciona a favor, xa que manifesta a necesidade de recoñecer e representar os intereses das nenas e nenos na axenda pública e rematar con actos discriminatorios (como a cuestión da idade).
- E, nos *dereitos sociais*:ponse o foco na escasa participación das NNA no ámbito da educación regrada e o sistema educativo, así como no seu dereito ao descanso e ao espaxamento (artigo 31 da CDN) ambos constrinxidos social e culturalmente.

Non obstante, convindo con Novella et al. (2013), para que isto suceda é condición *sine qua non* progresar en dous aspectos: 1) recoñecer que os NNAs son cidadanía do presente; e 2) considerar e tratar ás infancias como cidadanía de verdade –non como sucedáneos–, para educar na propia cidadanía. Segundo estas autoras, estes avances pasan por favorecer, impulsar e promover a súa *participación*, como unha das dimensións fundamentais para exercer a cidadanía de maneira desexábel. En concreto, a participación infanto-xuvenil

confíase como un elemento ineludíbel para materializar un ideal de cidadanía que sexa auténtica, responsábel e implicada (Esteban & Novella, 2018). Para iso, precísase contar co beneplácito das institucións na tarefa de adaptar as formas de deseñar e aplicar políticas; ademais dos cambios nas mentalidades compartidas socialmente sobre as representacións de NNA centradas na visión de poder adulto-céntrico que oprimen a *axencia* das xeracións máis novas (Gaitán, 2018b).

### **2.3. A participación das infancias como paradigma para acadar unha cidadanía inclusiva, crítica e transformadora para desenvolver a democracia**

As formas de ver e concibir ás nenas, nenos e adolescentes descritas nas liñas precedentes, víronse interpeladas por unha serie de enfoques que favorecen que esta parte da poboación transitara de ser considerada obxecto de intervención (suxeitos de protección) a converterse en suxeitos de dereitos (políticos, sociais, civís e culturais). Neste senso, a pedra angular que permitiu asentarse e iniciar este proceso de recoñecemento –ético e normativo– produciuse a finais do século XX coa aprobación da Convención dos Dereitos do/a Neno/a (CDN) como tratado internacional de dereitos humanos (1989).

#### **2.3.1. De suxeitos de dereitos á diversidade de enfoques para exercer o dereito á participación social**

Este *enfoque de dereitos* (humanos), aplicado aos dereitos das infancias, posibilitou un contexto favorábel no desenvolvemento dun marco lexislativo propicio para: 1) deseñar e pór en práctica iniciativas políticas e civís –por parte do Estado e da Sociedade Civil– en prol do protagonismo e do superior interese das persoas menores de dezoito anos; 2) impulsar novas maneiras de formular as relacións entre os colectivos máis novos e as persoas adultas; 3) que as NNAs se constrúan a si mesmas/as e poidan pór en acción a súa capacidade para interactuar coa súa contorna como participantes activos; e, en definitiva, 4) exercer, defender e exixir os seus dereitos (Llena & Novella, 2018; Romero et al., 2021; Save the Children, 2005). Os apoios doutros organismos internacionais que promulgan visións renovadas sobre as infancias resultan fundamentais para o avance destes propósitos, e destacan as Observacións Xerais números 12 e 20 das Nacións Unidas, o artigo 16.7 dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostíbel (ODS) da Axenda 2030 ou o carácter transformador e pedagóxico da participación infanto-xuvenil, tal e como recomenda a Unesco (2019) (Pose & Romero, 2021).

Con todo, sendo conscientes que os avances a nivel normativo foron contundentes, na práctica cotiá da aplicación do enfoque de dereitos a realidade é distinta, posto que aínda queda moito por facer para mellorar as relacións entre NNAs e as persoas adultas, así como para a concienciación da comunidade sobre o papel que nenas e nenos poden e deben ter

como parte da cidadanía. Nesta tarefa compartida, identifícanse tamén as responsabilidades que teñen tanto a sociedade como os cargos políticos para posibilitar a materialización deste enfoque de dereitos nas axendas e programacións públicas; é dicir, nas políticas públicas *das e coas infancias* (Save the Children, 2005).

Na actualidade, entre as dificultades manifestadas e observadas para acadar este fin, destaca a falta de escoita do/as NNA; un exercicio que supón facer efectivos e reais os artigos 12-17 da Convención, como sinalan –entre outras– as principais organizacións e entidades que traballan a favor das infancias nos distintos niveis institucionais: UNICEF, Save the Children, Instituto Universitario de Necesidades e Dereitos da Infancia (IUNDIA), Plataforma de Infancia, etc. Este conxunto de artigos identifícanse cos chamados *dereitos de participación*, referidos a que todas as NNAs deben ser escoitados/as, ter en conta a súa opinión, estar informados/as, ter liberdade de pensamento, expresarse e intervir nas cuestións e decisións que lles concirnen –tanto na esfera pública como privada–, a fin de garantir un desenvolvemento pleno na vida en comunidade. Á súa vez, a participación é un dos catro principios reitores nos que se asenta a CDN para que a totalidade dos dereitos que abrangue se concreten en realidade.

Ao abeiro do enfoque de dereitos agromaron outros de diversas autorías que consideran ditos enfoques complementarios de cara á promoción da participación das NNA; ao tempo que resultan necesarios para ampliar as miradas sobre elas/es. É de interese a análise teórica-conceptual realizada por Romero et al. (2021) que se sustenta nunha tripla dimensión de enfoques (capacidades, feminista e intercultural) que contribúen á participación infantil e adolescente. Una participación que, dende unha lectura sociocrítica, trate de resaltar o papel protagónico que NNAs deben ter na contribución para xerar sociedades democráticas moito máis igualitarias, deliberativas, participadas e diversas/plurais. Esta conxugación de enfoques e –novas– miradas sobre as NNA permiten repensar a súa participación baixo os valores de autonomía, responsabilidade, igualdade e diversidade. Ademais, evidencian as inercias e as barreiras sociais, culturais e institucionais que limitan os procesos participativos na cidadanía infantil, tales como os estereotipos binarios ou patriarcais e adultocéntricos.

Non obstante, o primeiro paso para poder participar –dirían Trilla e Novella (2011)– é ser recoñecido como parte da cidadanía; un aspecto que require tamén pór en xogo os dereitos e as responsabilidades inherentes a esta condición. No caso da participación infanto-xuvenil posibilita ademais –segundo estes autores– mellorar o funcionamento dos ámbitos nos que ten lugar e resulta un medio ideal para formar á cidadanía nos valores democráticos.


### 2.3.2. Definindo o concepto multidimensional da participación infantil

A este respecto, son numerosas as significacións dadas sobre a participación infantil. Así, Save the Children (2017) defínea como a capacidade de NNAs para pensar por si mesmos/as, que expresen os seus puntos de vista de maneira efectiva e se involucren – directa ou indirectamente– na toma de decisións dos asuntos que lles afectan; uns elementos que lles permiten acadar os cambios relevantes nas súas propias vidas. Para Hart (1992) supón colaborar, achegar e cooperar para o progreso común; pero tamén, xerar a confianza en si mesmos/as, dotándoos do principio de iniciativa. Igualmente, identifica ás NNA como suxeitos sociais con capacidade para expresar as súas opinións e decisións respecto dos asuntos que lles competen de maneira directa nos diferentes ámbitos de participación (familia, escola, comunidade...). Isto é, naqueles espazos nos que se producen interaccións con outras persoas, sexan NNA ou adultas. Por esta razón a participación infantil debe imaxinarse como un proceso de desenvolvemento en permanente interacción coas persoas adultas, fronte á concepción –separada e illada– de actividade entre ambos roles; concibíndose como un proceso de aprendizaxe mutua e con sentido bidireccional.

Para Novella (2008, p. 78), a participación infantil é “unha experiencia persoal e colectiva que permite implicarse en proxectos sociais que, mediante a palabra e acción comprometida, pretenden transformar a realidade próxima”. Porén, asevera a propia autora, que significar a participación infantil presenta certa complexidade debido a que se concibe máis como un discurso que coma “unha realidade que forma parte do cotiá onde a infancia acade o máximo exercicio autónomo da cidadanía” (p. 380). De aí que considere a participación como un concepto multidimensional (Figura 2):

**Figura 2**

*Dimensións do concepto de participación infantil*



*Nota.* Adaptado de Novella (2012). Elaboración propia.

Nunha dirección similar camiña a iniciativa *Cidades Amigas da Infancia* de UNICEF (2020), entendéndoa como un proceso no que as nenas e nenos exercen este dereito a través da interacción con outras persoas da súa contorna; ao tempo que tratan temas que afectan ás súas condicións de vida nos planos individual e colectivo. Polo tanto, vai máis aló da condición de dereito porque resulta unha fonte de desenvolvemento persoal e educativa que fomenta a auto-protección e a resiliencia.

Así mesmo, a Asociación Internacional de Cidades Educadoras (2020) –nas distintas revisións da Carta de Cidades Educadoras– recoñeceu ás NNAs como colectivos activos a ter en conta nas prácticas de cidadanía. No principio oito, recóllese a responsabilidade dos gobernos locais na información e formación na participación dende as infancias, así como o dereito a participar na xestión e mellora da vida comunitaria en igualdade de condicións que as persoas adultas. Un compromiso que supón facilitar as canles e ferramentas oportunas por parte dos gobernos locais.

Pero para que a participación de NNAs sexa efectiva, ética e significativa, Save the Children (2017) presenta as condicións básicas que foron adoptadas nunha observación xeral do Artigo 12 da Convención, e que resultan indispensábeis cumprir (Táboa 2). Nove condicións que describen como debe ser a participación infantil:

## Táboa 2

### *Condicións básicas para unha participación efectiva, ética e significativa das infancias*

<b>Transparente e informativa</b>	Débese informar a NNA de maneira completa, accesíbel e adaptada a súa idade respecto ao seu dereito a participar, como e onde facelo; así como o seu alcance, propósito e posíbeis repercusións.
<b>Voluntaria</b>	As NNAs deben expresar as opinións libremente e estar informados/as sobre a posibilidade de abandonar o proceso cando o desexen.
<b>Respectuosa</b>	As opinións de NNA deben ser tratadas con respecto e debe facilitarse as oportunidades para crear e iniciar ideas e actividades. As persoas adultas deben respectar, recoñecer e tomar en consideración as boas prácticas de participación de NNAs; e, á vez, comprender as características contextuais (privadas e públicas).
<b>Pertinente</b>	As súas opinións deben ter pertinencia real nas súas vidas cotiás potenciando os seus coñecementos, aptitudes e capacidades. Deben crearse espazos para exercer a súa participación.
<b>Amigábel coas infancias</b>	Deben adaptarse os ambientes e métodos de traballo ás súas capacidades; proporcionar os tempos e recursos necesarios para a súa educación <i>en e para</i> a participación; e debe terse en consideración os diferentes niveis de apoio e formas de participación acordes as súas idades e facultades evolutivas.
<b>Inclusiva</b>	Debe potenciarse unha participación inclusiva evitando calquera elemento ou práctica discriminatoria e estimular as oportunidades para que todas as NNAs participen, con independencia da súa procedencia, xénero, etc.

	Os programas, iniciativas ou experiencias deben ser respectuosas coa diversidade cultural de NNA de todas as comunidades.
<b>Capacitada por persoas adultas</b>	As profesionais socioeducativas que acompañan a NNA no seu exercicio da participación requiren formación para educar <i>en</i> e <i>para</i> a participación (escoita activa, traballo colaborativo, etc.). Así mesmo, NNA poden exercer este rol de acompañamento e facilitador dos procesos de participación efectiva.
<b>Segura e sensíbel ao risco</b>	As persoas adultas teñen a responsabilidade de protexer a NNA e tomar as precaucións precisas para reducir no posíbel riscos (violencia, explotación, etc.). NNA deben ser conscientes do dereito a que se lles protexa de danos e saber onde acudir para solicitar axuda de ser necesaria.
<b>Responsábel</b>	NNA deben participar en todo o proceso (seguimento e avaliación), informándolles o para que e por que das súas opinións. No seu caso, teñen dereito a rexeitar dita análise e coñecer as resposta da incidencia da súa participación nos resultados finais.

Nota. Adaptado de Save the Children (2017). Elaboración propia.

Pola súa parte, UNICEF (2019) atribúe o cualificativo de “valiosa” cando se refire á participación das infancias; advertindo da necesidade de seguir uns procedementos que permitan garantir dita participación valiosa, mantendo similitudes coas condicións básicas referidas anteriormente (Figura 3):

**Figura 3**

*Procedementos a seguir para acadar unha participación valiosa das infancias*



Nota. Adaptado de UNICEF (2019). Elaboración propia.

Outra mirada relativa á *participación seria* das infancias xorde hai máis de tres décadas en torno ao feito de recoñecer o protagonismo destes sectores nas sociedades. Este fenómeno social recibiu o nome de “participación protagónica” ou “paradigma do protagonismo” (Cussiánovich & Figueroa, 2009; Novella, 2015), situando a súa orixe no Perú e vinculándoo ás infancias traballadoras e aos movementos sociais (especialmente nas loitas en América Latina). O concepto de protagonismo infantil alude ao proceso social no que as NNA teñen o rol principal no seu desenvolvemento e nas súas comunidades de referencia; deste modo, garántense a realización plena dos seus dereitos en base aos seus intereses. Así, entender

a participación baixo este enfoque permite cambios substanciais nas sociedades: 1) establece novas formas de relación entre as persoas adultas e NNA, e entre estas e a súa contorna; e 2) posibilita que NNAs estean activamente implicados na construción das súas propias vidas sociais, exercendo a súa autonomía na toma de decisións e reforzando as competencias que posúen estes actores sociais para participar en certas iniciativas cidadás (Novella, 2015).

No marco deste proceso, deben redefinirse as funcións que desempeñan as persoas adultas coa asunción do apelativo de axente potenciador da autoxestión e autodirección das NNAs; ao tempo que favorece oportunidades –legais e estruturais– para que as infancias poidan influír nas persoas adultas e no conxunto da sociedade (Gaitán, 2009). Para iso, resulta esencial un novo paso co impulso das capacidades das nenas e nenos para transformar e incidir nas comunidades; isto é, débese reivindicar a súa faceta de activistas das transformacións sociais a través da acción e o diálogo para cambiar a súa realidade máis próxima, así como defender as súas necesidades e promover oportunidades para o desenvolvemento social, recoñecendo o valor da participación. Noutras palabras, discernir a NNA como “axentes políticos e activistas políticos” das transformacións sociais (Novella, 2015, p. 64).

É certo que nos últimos anos estanse a dar pasos de xigante no impulso e fomento da participación das camadas sociais máis novas, con especial énfase a nivel municipal con proxectos, iniciativas e/ou experiencias como a Cidades Amigas da Infancia (CAI), A Cidade dos/as Nenos/as de Francesco Tonucci, A Rede de Cidades Educadoras, etc. Tamén, coa recente creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e Adolescencia<sup>7</sup> a nivel español (2021); ou na realidade galega, co inicio do proceso para a construción do Consello Autonómico de Participación da Infancia e Adolescencia, como parte do seu compromiso no impulso de políticas públicas que integren a perspectiva de nenos, nenas e adolescentes.

Así e todo, segundo o informe de Plataforma pola Infancia (2022), a realidade no Estado español é que –na práctica– o dereito á participación das infancias non está garantido xa que existen carencias de diversa índole: económicas (escasos recursos específicos), de accesibilidade e representatividade de certos colectivos nos foros ou espazos públicos para opinar e ser tida en conta (NNA de distintas etnias, con discapacidade) ou a complexidade de medir a participación efectiva (ausencia de datos e estatísticas desagregados). De igual forma, sinalan que a estas limitacións súmaselles, dunha banda, a existencia do descoñecemento xeneralizado sobre os dereitos das infancias e, en particular, o dereito a

---

<sup>7</sup> Orde DSA/1009/2021, de 22 de setembro, póla que se crea o Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia. <https://www.boe.es/boe/dias/2021/09/27/pdfs/BOE-A-2021-15582.pdf>

participar en todos os ámbitos para tal fin (escolar, familiar, xudicial, políticas públicas, etc.); doutra, a falta de canles de participación estábeis debido a obstáculos legais que permitan asegurar a participación das NNAs en certos ámbitos por cuestións vinculadas: á idade (por exemplo, o dereito de asociación está recoñecido só a maiores de 14 anos na Lei Orgánica do Dereito de Asociación –LODA–); á inexistencia dun marco normativo que desenvolva o dereito á liberdade de asociación e celebración de reunións pacíficas; á falta de políticas de promoción do asociacionismo infanto-xuvenil; ou ás disfuncións das escolas na súa responsabilidade de informar, favorecer e asegurar as vías de participación estudantil –por medio das figuras de delegadas/os de aula, consellos escolares ou asociacións estudantís–, nos distintos niveis educativos.

### **2.3.3. Niveis, formas e escenarios de oportunidade para o impulso da participación social das infancias**

Diversas autorías estableceron diferentes clasificacións teóricas sobre os tipos ou niveis de participación infantil. O común denominador que comparten todas elas atende á descrición ascendente realizada dende os chanzos máis básicos até os máis superiores. A continuación destácanse aquelas con maior aceptación no campo da academia, por conter elementos que se consideran relevantes neste estudo.


A metáfora da escaleira de Hart (1992) sitúase entre os modelos máis coñecidos e citados dos niveis de participación (Anexo 1). Nela distínguense de maneira esquematizada oito chanzos que se poden categorizar en dous grandes bloques: a *non participación* e a *participación xenuína*. Os tres primeiros chanzos (Manipulación, Decoración e Actuación simbólica) correspóndense coa non participación posto que non existe unha participación activa das infancias; mentres, a participación xenuína comprende os cinco chanzos ou modalidades superiores (Asignado pero informado; Consultados e informados; Iniciado por persoas adultas e decisións compartidas por NNA; Iniciados e dirixidos por NNA e Iniciados por NNA e decisións compartidas por persoas adultas) que representan os escenarios de participación real e efectiva das nenas e nenos. Este modelo clasifica os proxectos, iniciativas ou experiencias nas que participan as infancias pondo en evidencia as diferentes formas de participación.

Partindo da citada metáfora de Hart, Trilla e Novella (2001) propoñen catro formas máis amplas de participación infanto-xuvenil: 1) *simple*: determinada e dirixida por outras persoas adultas, de carácter simbólico, representativo e pouco activo por parte de NNA; 2) *consultiva*: onde NNA propoñen e/ou valoran certos temas aos equipos directivos de forma deliberada; 3) *proxectiva*: a implicación de NNA é máis activa, colaborando na definición e desenvolvemento do proxecto; e 4) *metaparticipación*: NNA son protagonistas do proceso,

na definición de obxectivos e funcións, baseándose na reflexión e compromiso na toma de decisións (máximo expoñente da participación infanto-xuvenil). Todas estas formas, aseguran os autores, supoñen escenarios para aprender a participar participando e achegan elementos significativos para o desenvolvemento de competencias participativas nas infancias. Así mesmo, advirten que en cada unha mantéñense diferentes graos de participación condicionados por catro factores: a implicación, a información-conciencia, a capacidade de decisión e o compromiso-responsabilidade de cada suxeito. Ademais, pode darse o caso de estar implicadas máis de unha forma na mesma experiencia participativa (Figura 4); de aí que resulten formas de participación complexas, multidimensionais, inclusivas e retroalimentadas (Novella, 2008).

#### Figura 4

*Formas de participación infantil e adolescente*



Nota. Adaptado de Novella (2008). Elaboración propia.


Outras aproximacións realizadas sobre as formas ou niveis de participación infantil son as ofrecidas por Tresseder (1997), que evita o formato escaleira para xerar un modelo circular, ao entender que todos os elementos que comporta a acción de participar poden incluír os demais; ou a proposta de Lansdown (2005) que recada tres graos de participación (procesos consultivos, procesos participativos e procesos autónomos) nos cales se establecen relacións graduais entre as persoas adultas e as infancias, co obxectivo de que NNA adquiren progresivamente o seu protagonismo no desenvolvemento de proxectos.

En canto aos escenarios para que NNA exerzan a participación, UNICEF (2003) asegura que a medida que medran e se desenvolven, as súas oportunidades para a participación vanse ampliando dende a esfera privada cara aos espazos públicos, dende a influencia local á global. Así, baixo esta perspectiva –recollida no seu informe anual “El estado mundial de la Infancia”– determinan cinco espazos ou contextos nas que nenas e nenos poden e deben participar: 1) a *familia*: onde se produce a socialización primaria a nivel privado; 2) a *comunidade*: como lugar máis próximo das vivencias cotiás (en asociacións, programas institucionais, grupos informais, culturais, etc.); 3) *escolar*: institución de referencia para a

promoción da participación do alumnado, nos consellos escolares, as asociacións ou plans educativos; 4) nas decisións que afectan ás *políticas públicas*: introducindo ás NNA na toma de decisións a través de estruturas específicas (Foros ou Consellos infantís); e 5) a *sociedade*, mediante a participación nas eleccións e os medios de comunicación (Figura 5).

### Figura 5

#### *Contextos de participación infantil*



*Nota.* Adaptado de UNICEF (2003). Elaboración propia.

Diversos autores como Apud (2001), Casas et al. (2008) ou Martínez e Martínez (2000) engaden outros contextos como son a vida social (concretada a nivel municipal ou local), os procedementos administrativos e xudiciais ou as organizacións de ocio e tempo libre como espazos propicios, ademais, para aprender a participar democraticamente.

Tal e como sinalan diferentes estudos (Cho et al., 2020; De la Garza et al., 2019; Novella, Romero, et al., 2021; entre outros), as tecnoloxías dixitais ou a contorna dixital imperan como novas formas e/ou contextos de participación política e cidadá infantil. Das súas conclusións extráese que as NNAs empregan as redes sociais como fonte de información, tanto de asuntos políticos como sociais, percibíndoas como mecanismos eficaces e útiles para exercer o seu dereito de participación (opinar, deliberar, facer propostas, etc.). É evidente, pois, que as tecnoloxías están afectando á cultura democrática e ás prácticas participativas das novas xeracións. En cambio, Dias e Potter (2016) e Murden e Cadenasso (2018) indican que existe unha deficiente participación cívica e conciencia clara nestas idades respecto á consideración dos medios dixitais como tecnoloxías cívicas. Tamén Pavez (2014) asegura que esta reducida participación en contornas dixitais prodúcese polas posibles ameazas percibidas e polos potenciais riscos aos que as NNA se vén expostos, principalmente por un uso incorrecto das tecnoloxías ou por condutas de resistencia e/o sobreprotección adulta.

Derivado dos novos marcos de gobernanza nos que conceptualizar e planificar a participación local, Novella, Mateos, et al. (2021) aluden a tres tipoloxías de escenarios promovidos a nivel institucional ou polas propias infancias (como colectivo organizado e autoxestionado). No primeiro escenario, sitúan os órganos municipais de participación infantil e adolescente (que reciben diferentes denominacións: Foros de participación, Consellos locais da infancia e adolescencia, etc.); no segundo, inclúen as experiencias de participación de carácter consultivo e proxectivo desde a participación (os denominados Procesos participativos); e, en última instancia, recollen aquelas experiencias de participación impulsadas e lideradas por NNAs. Nos diferentes escenarios, a participación ten que ser liderada polas infancias a fin de favorecer accións transformadoras que posibiliten a coprodución municipal.

En definitiva, de acordo co expresado no informe *A Infancia en Galicia 2018*<sup>8</sup> –levado a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en colaboración con UNICEF Galicia–, débese fomentar os espazos e as oportunidades de participación dende as primeiras infancias polos efectos e incidencias positivas que supón tanto para as NNAs como nos demais axentes e os propios contextos nos que estas teñen lugar (familias, escola, municipios, etc.). Ademais, así favorécese unha educación para a cidadanía responsábel cos dereitos das infancias e adolescencias e a súa inclusión resulta necesaria nas políticas públicas municipais relativas a este colectivo da sociedade.

#### **2.3.4. Efectos e incidencias educativas da participación nas NNAs, na gobernanza e na comunidade/municipio**

Segundo a literatura revisada, é considerábel o número de autores/as que abordaron os efectos, incidencias, beneficios, impactos ou consecuencias (para certas autorías) da participación infantil nos diferentes niveis, contextos e/ou axentes. Cómpre sinalar que non existe unanimidade respecto a como denominar os efectos que produce dita participación nas distintas partes implicadas; nesta ocasión, óptase polos conceptos de *efectos* e *incidencias* seguindo a proposta do proxecto de investigación no que se incardina este TFM.

Así, na introdución do informe *Child and Youth Participation: Options for Action* elaborado por UNICEF (2019), afírmase que grazas á participación as nenas e nenos adquiren unha serie de aprendizaxes que favorecen tanto o seu desenvolvemento persoal (maiores competencias, habilidades e coñecemento), coma tamén colectivo, xa que por extensión beneficia ás comunidades nas que (con)viven. A súa vez, apostar por este dereito das infancias posibilita motivar aos gobernos locais para demostrar o seu compromiso nesta

---

<sup>8</sup> Ligazón ao informe: [https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/A\\_infancia\\_en\\_Galicia\\_2018.pdf](https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/A_infancia_en_Galicia_2018.pdf)

responsabilidade compartida cos demais axentes socioeducativos e permite reforzar os servizos locais esenciais.

De maneira xenérica, Agud e Llena (2018) centrando o seu obxecto de estudo nos órganos de participación infantil e adolescente no ámbito local, ratifican que a participación destes colectivos nas políticas municipais inciden tanto na cidadanía (NNA e persoas adultas) como nas cidades e a súa contorna. No relativo á cidadanía, sosteñen que se produce unha transformación nas formas de ver e coñecer as realidades, incluso nas maneiras de ser, facer, relacionarse e –por ende– na convivencia que se establece co resto dos seus conxéneres con independencia das súas características: idade, experiencias vitais, etc. De feito, reafirman que contar con consellos infantís municipais contribúe ao recoñecemento social das nenas, nenos e adolescentes (NNA) como axentes de cambio; ao tempo que potencian a conciencia crítica, desenvolven a súa identidade política e incrementan o seu benestar. En síntese, por medio destas estruturas teñen a oportunidade de exercer e reivindicar os seus dereitos, necesidades e inquietudes.

Con respecto ás cidades, se ben as transformacións son lentas e ás veces até nítidas, o traballo realizado polas NNA nestes órganos deixan pegada nos actos públicos e nas reformas de espazos públicos frecuentados polas infancias (prazas, parques, etc.), así como na mellora e crecemento da participación cidadá nos concellos. Ademais, axudan no avance cara ao cambio de miradas sobre as infancias para consideralas como cidadanías do presente ás que tamén afectan as políticas locais. De aí que deban incluírse as súas voces na toma de decisións políticas. Con esta actuación, contribúese a reorientar as relacións entre ambas partes (persoas adultas e NNA) e a reforzar no mundo adulto a crenza nas capacidades das nenas e nenos para formar as súas opinións e expresalas, sen condicionamentos de natureza adultocéntrica ou proteccionista.

Na investigación realizada no contexto catalán durante o período 2015-2017, “Els consells d’infants i el CNIAC<sup>9</sup>. Noves formes de participació política i cívica dels nens i les nenes de Catalunya”, ratifícase a adquisición dun conxunto de aprendizaxes que son percibidas dende a perspectiva das persoas participantes; unhas aprendizaxes que se vinculan aos ámbitos das capacidades (coñecementos, habilidades e competencias), aos valores democráticos e ao recoñecemento propio e do outro, como se describe na Táboa 3 (Agud & Llena, 2018).

---

<sup>9</sup> CNIAC: Consejo Nacional de los Infantes y Adolescente de Cataluña.

### Táboa 3

#### *Percepción da incidencia da participación na cidadanía*

<b>Capacidades (habilidades e competencias)</b>	Coñecer/diagnosticar; reflexión e construción de opinión; proposición; toma de decisións; escoitar; comunicar; aceptar diversidade; resolver conflitos; confianza; responsabilidade; cooperación e traballo en equipo; autocontrol; procedementos; creativa.
<b>Valores democráticos</b>	Diálogo; respecto; tolerancia; ben común; expresar opinión; representatividade; convivencia.
<b>Recoñecemento propio e dos outros</b>	Ser autónomo/a; axente capaz de cambios; autoestima; valor do/a outro/a.
<b>Rede social</b>	Benestar; calidade das relacións interpersoais interxeracionais

*Nota.* Adaptado de Agud e Llena (2018). Elaboración propia.

Na mesma dirección apuntan outros estudos, como Hart (1992) quen sinala os efectos e beneficios da participación infanto-xuvenil nun dobre sentido: dunha banda, na propia cidadanía que lle brinda a oportunidade de desenvolverse como membros competentes e con maior seguridade sobre si mesmos como parte da sociedade; e, doutra, na mellora das organizacións e do funcionamento das comunidades. Entre os principais beneficios, o autor destaca: 1) o desenvolvemento de competencias sociais e a responsabilidade social; 2) o desenvolvemento comunitario, e 3) a autodeterminación política (referida á autorrealización da NNA e á democratización da sociedade posto que a través das experiencias participativas das infancias xérase pensamento crítico, resolucións de conflitos, etc.).

Para Martínez e Martínez (2000), o feito de que as NNA participen ou non ten consecuencias positivas (melloran as capacidades e potencialidades, autonomía, creatividade, as relacións interpersoais, a aprendizaxe de valores democráticos, etc.) ou negativas (dependencia da figura adulta, falta de iniciativa e motivación, pasividade, inseguridade na toma de decisións e a liberdade, invisibilidade social, etc.), respectivamente. Suxestiva é a proposta de ordenación dos efectos que produce a participación infantil proposta por Agud (2014), e que se concreta en tres dimensións:

1. *A nivel persoal* os efectos teñen un dobre matiz: educativos (educación en valores, competencias e responsabilidades sociais, desenvolven unha personalidade crítica, etc.); e non propiamente educativos (felicidade, goce, creación de novas redes sociais, redución de comportamentos de risco ou incluso repercute no seu auto-recoñecemento como axente con capacidades para actuar e recoñecer aos outros).
2. *A nivel institucional* ocasiona melloras dos servizos, da súa resposta e compromiso cos dereitos infantís, frescura coa achega de ideas innovadoras ou o aumento no acceso e uso dos servizos.

3. En último termo, indican efectos a *nivel comunitario* por ser o contexto no que ten lugar: favorece a democratización das sociedades, mellora as relacións interxeracionais (NNA e persoas adultas), alimenta a concienciación da cidadanía sobre os dereitos de NNA, respecto á diversidade, entre outros.

Continuando coa clasificación en tres dimensións, na guía *The participation of children and Young people. Participation Practical Guide 06* elaborada por Wright e outros (2011) para a implicación das infancias e adolescencias (como se citou en Agud & Llena, 2018), identifican unha serie de beneficios nas propias NNA, as organizacións e a comunidade (Táboa 4):

**Táboa 4**

*Beneficios da participación das infancias de Wright e outros*

<b>Beneficios NNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora de servizos destes colectivos</li> <li>- Aprender novas competencias, sobre democracia e gañar experiencia</li> <li>- Desenvolver seguridade, autoestima e redes sociais</li> <li>- Influír en decisións sobre as súas vidas</li> <li>- Sentimento de valoración e apoderamento</li> <li>- Xerar aspiracións</li> </ul>
<b>Beneficios Organizacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizos máis axeitados ás necesidades das infancias, accesíbeis e eficientes</li> <li>- Aforro nos orzamentos</li> <li>- Ideas renovadas e frescas</li> <li>- Credibilidade das NNA</li> <li>- Felicidade nas persoas usuarias</li> <li>- Desenvolvemento das competencias das infancias</li> </ul>
<b>Beneficios Comunidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunidade comprometida e afín coas necesidades destes colectivos</li> <li>- Democracia local e máis vibrante</li> <li>- Mellor preparación das infancias e adolescencias para a súa ocupación</li> </ul>

*Nota.* Adaptado de Wright et al. (2011). *The participation of children and young people. Participation Practical Guide 06*. Consultada en [www.scie.org.uk](http://www.scie.org.uk). Elaboración propia.

Máis aló dos efectos da participación infanto-xuvenil municipal nas propias infancias e as comunidades, tamén ten repercusións na gobernanza local. En parte, debido ao aumento nos últimos anos da inclusión das infancias neste tipo de procesos; avances que se ven reforzados polas novas concepcións de cidadanías e de gobernanza en rede que apostan por estruturas horizontais (Novella, Mateos, et al., 2021). Neste senso, a criterio das figuras técnicas (Cano et al., 2021), o estudo empírico respecto aos impactos das experiencias de participación infantil mostra que este dereito é percibido como una acción con especiais incidencias a dous niveis: 1) nas NNAs, co logro de aprendizaxes cidadás relativas ao desenvolvemento de coñecementos (dereitos e deberes), de habilidades (concretadas nas competencias participativas) e de valores (principalmente a autoestima e confianza); 2) na comunidade local en tres frentes: o fomento das oportunidades de participar destes colectivos, a mellora do municipio e para unha educación democrática da cidadanía máis nova. En contraste, evidencian escasos impactos na consolidación deste exercicio cidadán como dereito, na súa incidencia sobre as políticas públicas e na cogobernanza –sobre todo– na administración. Tamén defenden a necesidade de afrontar certas limitacións como o feito

de garantir a vontade e o compromiso político para manter as experiencias de participación de NNAs e fortalecer a imaxe das infancias como axentes activos e con capacidades para opinar e tomar decisións.

Como se pode observar, as diversas propostas descritas (xunto a outras que non se recollen por motivos que atenden á extensión marcada para a elaboración do presente traballo) revalorizan a incidencia educativa que posibilita a participación de NNA, como desprendía Ana Novella (2012) sobre o carácter multidimensional da participación infantil. Estas incidencias pódense sintetizar no desenvolvemento persoal e social, na asunción de responsabilidades e na autoconfianza que adquiren as NNA; noutras palabras, facilitan o desenvolvemento da súa axencia. Como resultado do recoñecemento de cidadanía activa e comprometida de NNA, favorécese o labor compartido de construír a tan ansiada cohesión social aportando valor á colectividade e ao ben común; e, por ende, a súa influencia na comunidade e no desenvolvemento da democracia.

### **3. Metodoloxía de investigación**

#### **3.1. Enfoque metodolóxico**

O traballo de investigación realizouse dende un enfoque metodolóxico cualitativo, entendendo que as representacións sociais da participación das infancias e as oportunidades que se lle brindan para potenciala e favorecela nos diversos contextos de referencia, precisan de aproximacións que posibiliten comprender as perspectivas dos suxeitos implicados así como profundar nos coñecementos cotiás que se van xerando arredor do tema obxecto de estudo. Con todo, débese sinalar o emprego de datos cuantitativos –aínda que con un peso residual– que axudaron a dar solidez e a reforzar algunha das categorías identificadas para a súa análise e interpretación.

Dita selección do enfoque cualitativo fundaméntase no propósito da investigación e os obxectivos que se pretenden acadar (apartado 1); isto é, unha vez formulado o plan de traballo e os obxectivos da investigación decídese o enfoque e as técnicas de recollida de datos que permitirán comprender a realidade social que se pretende estudar (Varela, 2012). Considerando estas achegas, nos apartados que seguen descríbese a mostra dos casos estudados, as técnicas e os instrumentos de recollida de información empregados, ademais de explicar como se articulou a súa aplicación e o proceso da análise dos datos.

Para afondar no obxecto de estudo, procedeuse a realizar unha consulta exhaustiva e revisión detallada da bibliografía e a literatura existentes en relación á temática a investigar. A tal fin, seguiuse un proceso sistemático de busca nas diversas fontes de información, entre as que destacan as monografías (libros e manuais), publicacións periódicas de revistas (*Pedagogía Social*, *Revista Interuniversitaria*, *Educación social*, *Revista de*

*Intervención Socioeducativa, Bordón...*) e boletíns oficiais (BOE e DOGA), teses doutorais, informes e actas de congresos, e seminarios científicos. En canto ao acceso a este tipo de fontes, fíxose uso de catálogos (BUSC, REBIUN), bases de datos documentais (DIALNET, REDINED, TESEO e ERIC), buscadores académicos (Google Scholar e Research Gate) e consultouse o repositorio MINERVA da USC.

Para realizar unha busca organizada elaborouse unha estratexia que se concretou en dúas accións principais. En primeiro lugar, seleccionáronse diferentes termos vinculados (palabras chave) co obxecto de estudo, campos de busca (título, autor, palabras chave...), ao tempo que se aplicaron tamén operadores lóxicos ou booleanos de intersección (AND), suma (OR), comiñas (“...”), paréntese (...) e asterisco (\*) para a combinación de termos (ecuacións) e campos. Entre as principais palabras chave empregadas destacan: representación social, infancia, adolescencia, cidadanía, participación infantil, participación cidadá, escenarios/espazos de participación, ámbitos de participación, dereito de participación, enfoque de dereitos, enfoque de capacidades, protagonismo, impacto, comunidade e gobernanza. Os criterios de selección aplicados á información obtida responden a límites cronolóxicos (2000-2022), xeográficos e idiomáticos (galego, español, inglés e francés), así como á relevancia para determinar a temática e os obxectivos fixados no traballo. Cabe sinalar que se fai uso de literatura denominada “clásica” pola súa relevancia na temática estudada; de aí que se citen referencias con datas anteriores ao rango cronolóxico establecido.

A segunda estratexia centrouse en examinar as referencias bibliográficas dos diferentes documentos seleccionados na primeira parte da busca, considerando a actualidade das fontes bibliográficas así como a relevancia da autoridade –segundo o ámbito de coñecemento– respecto das achegas significativas que centran o problema desta investigación. A información extraída e analizada das distintas fontes, serviron para cimentar e vehicular a elaboración do marco teórico-conceptual deste TFM.

### **3.2. Mostra intencional e definición de caso múltiple**

A metodoloxía seleccionada na investigación é o *estudo de caso múltiple*, que consiste en recoller e analizar datos de varios casos relacionados entre si baixo o denominador común do fenómeno escollido para o seu estudo (Varela, 2012); neste caso, a participación das infancias no ámbito comunitario local. Este proceso metodolóxico posúe unha serie de características que o converte nunha estratexia de indagación flexible e versátil. Como resultado, permite distinguir diversas tipoloxías ou niveis atendendo a diferentes criterios de clasificación como a natureza do informe (descritiva, interpretativa, avaliativa) ou o obxectivo

que se pretende acadar (intrínseco, instrumental, colectivo) (Sabariego et al., 2004; Stake 1995).

No relativo ao primeiro criterio, este estudo adopta unha orientación *interpretativa*; xa que a intención é describir o fenómeno da participación infanto-xuvenil comunitaria no contexto galego poñéndoo en relación coas percepcións sociais dos informantes sobre as infancias, a súa participación e cidadanía, así como as oportunidades que ofrecen os municipios participantes para que as NNA podan exercer este dereito nas súas contornas de referencia: a comunidade/municipio. En alusión ao segundo criterio, converxen neste estudo o *colectivo*, porque se examinan varios casos e iniciativas de participación infantil e adolescente; e tamén o *intrínseco*, debido a que se pretende obter unha comprensión holística dos elementos que favorecen e potencian a participación de NNA (as administracións locais, os consellos municipais de participación, os axentes implicados, as/os propias NNA e os escenarios de oportunidade).

No que respecta á mostra, a investigación cualitativa caracterízase por depender das condicións que permiten facer a mostraxe e non tanto da probabilidade; en consecuencia, non aplica regras do azar senón distintos métodos que se basean en criterios que procuran a saturación (cantidade) e a riqueza da información (calidade) (Ruiz, 2012). Así, os casos foron escollidos de forma intencional respondendo principalmente a dous criterios estratéxicos xenéricos: dun lado, a pertenza a algunha das redes de Cidades Educadoras (CE) e/ou Cidades Amigas da Infancia (CAI) de UNICEF (condición inicial para participar no proxecto de investigación no que se incardina este TFM); doutro, a voluntariedade dos concellos para continuar participando no citado proxecto. Finalmente, os casos seleccionados para estudar a participación infantil na realidade galega son os concellos de Moeche, Tomiño e A Coruña, conformando así os núcleos representacionais para este traballo. As características particulares de cada caso permiten obter certo grao de heteroxenidade da mostra ademais de identificar elementos comúns que alimentan a cantidade e diversidade de información sobre o propósito xeral de cara a buscar respostas ás preguntas da investigación propostas.

A existencia de elementos en común vén dada polo feito de ser municipios cunha dilatada traxectoria na participación infantil, ademais de formar parte dalgunha das redes comentadas (CE ou CAI). Ademais, o elenco de informantes seleccionados vincúlase ou son responsábeis de áreas/departamentos que xestionan ou fomentan a participación destes colectivos nos seus concellos, considerando tamén a correspondencia entre estas áreas/departamentos e as redes das que forman parte os distintos municipios.

Pola contra, os aspectos diferenciadores refírense ás particularidades demográficas e territoriais dos tres concellos (A Coruña tipificado como municipio de gran tamaño<sup>10</sup>, Tomiño de tamaño medio e Moeche de tamaño pequeno); aos medios para a apertura de canles de comunicación coas NNAs residentes no municipio; á xestión da participación; á existencia de consello local da infancia e adolescencia (CLIA), etc., dando conta tamén da idiosincrasia e diversidade institucional dos municipios participantes na tarefa de favorecer e potenciar a participación social das nenas, nenos e adolescentes.

Ademais, para contrastar a información e dotar o estudo dunha mirada plural coa experiencia práctica das persoas implicadas na participación e cidadanía das infancias, contouse con cargos electos, persoal técnico, persoas expertas nesta materia e coas NNAs dos tres municipios. Polo tanto, conclúese que este é un estudo de caso múltiple cunha unidade principal de análise “a participación infantil e adolescente a nivel local” e dúas sub-unidades dentro da principal “persoas adultas” e “nenas, nenos e adolescentes”.

### **3.3. Instrumentos de recollida de información**

Unha vez identificadas as unidades de análise e as persoas informantes necesarias, deseñáronse as técnicas e instrumentos para a recollida de información. Se ben no proxecto no que se inscribe este estudo se empregaron máis técnicas e instrumentos de recollida de información, aquí describíense aqueles que dan resposta directa ás dimensións seleccionadas para a súa análise e posterior interpretación e discusión: entrevistas en profundidade, grupos de discusión, obradoiros participativos e cuestionarios (Anexo 2).

Ademais, contouse coa técnica de análise documental e con información recadada nas reunións que o grupo motor realizou nas instalacións da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, nas que participaron membros dos tres concellos, nenas e nenos dos consellos locais da infancia e adolescencia, persoal investigador e algunha colaboración externa.


Cómpre recordar que a recollida de información e datos foi realizada por diferente persoal investigador do grupo motor galego, entre os que se atopa o autor deste TFM como colaborador e integrante do mesmo, polo que se autorizou a utilización desta información para desenvolver este traballo de investigación. Os instrumentos foron deseñados “ad hoc” para esta fase do proxecto polo equipo investigador –integrado por membros das catro universidades que participan no estudo (Barcelona, A Coruña, Sevilla e UNED)– en colaboración con persoas expertas no tema obxecto desta investigación (Figura 6).

---

<sup>10</sup> De acordo co glosario do INE (Instituto Nacional de Estadística) os municipios grandes son aqueles que superan os 50.000 habitantes).

**Figura 6**

*Técnicas e instrumentos de recollida de información*



- Análise documental:

Segundo Del Rincón et al. (1995, p. 341), a análise documental “é unha fonte de gran utilidade para obter información retrospectiva e referencial sobre unha situación, un fenómeno ou un programa”. Unha tarefa sistemática e planificada que permite recadar información valiosa e fiable que por outros medios sería difícil acceder. En concreto, realizouse unha revisión da documentación oficial interna e externa recompilada das páxinas institucionais dos respectivos concellos.

No caso de Moeche, os documentos internos aluden ao Regulamento do Consello da Infancia e Adolescencia (CLIA), o Informe diagnóstico, o I Plan Local da Infancia e a Adolescencia e as actas das sesións plenarias do CLIA e reunións do grupo de participación da infancia e adolescencia (GPIA); mentres que os documentos externos concréntanse nas comunicacións e divulgacións das accións do consello infantil a través da páxina web e as redes sociais. Pola súa parte, no concello de Tomiño tomáronse en conta o I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia 2018-2021 (PIIA), o Informe de Situación da Infancia e a Adolescencia e á Memoria de Actividades. Por último, no municipio de A Coruña –ao non contar cun consello local de infancia e adolescencia– procedeuse a consultar os programas dirixidos á promoción da participación das NNAs no marco do Plan Coruña Educa: “A Coruña participa”, con especial fincapé no programa Sementando Participación 2021-2022 e o Pleno Infantil 2021-2022.

A análise de contido desta documentación permitiu complementar o referencial contextual dos casos estudados xunto coa información aportada das entrevistas en profundidade e os datos cuantitativos consultados en páxinas oficiais de carácter estatístico (IGE e INE).

- Entrevistas en profundidade:

A entrevista cualitativa ou en profundidade permite comprender como ven o mundo os suxeitos cos que se interactúa por medio dunha conversa profesional entre a persoa entrevistada e a que realiza a entrevista (Varela, 2012). En opinión de Ruiz (2012, p. 166) “é unha técnica para obter que un individuo transmita oralmente á persoa entrevistadora a súa definición persoal da situación”. Neste senso, as entrevistas en profundidade constituíron unha das técnicas de maior peso neste estudo co obxectivo de obter o relato, a experiencia e a reflexión sobre as dúas dimensións abordadas: 1) as representacións sociais da infancia, da súa cidadanía e da súa participación; 2) os escenarios de oportunidade que os municipios desenvolven na súa axenda política para favorecer a participación das NNAs.

Realizáronse un total de oito entrevistas a 3 figuras técnicas, 3 cargos electos e 2 persoas expertas en materia de participación infantil e adolescente. As persoas entrevistadas representan a cada un dos tres municipios participantes na investigación; ademais de estar vinculadas ou ser responsábeis de áreas ou departamentos involucrados na tarefa de fomentar ou xestionar a participación social de NNA. As persoas expertas son alleas á administración pública; de aí o interese por coñecer os seus discursos dende outras ópticas, a fin de enriquecer a presente investigación. En concreto, unha primeira é a dinamizadora do consello infantil de Tomiño e a segunda está –na actualidade– vinculada a unha iniciativa de participación nun centro educativo do municipio da Coruña.

Atendendo ao seu grao de estandarización, a entrevista foi semiestruturada apoiada nun guiión de preguntas abertas previamente determinadas (Anexo 3). Con todo, deixouse certa marxe e flexibilidade tanto nas preguntas coma nas respostas, coa intención de favorecer o diálogo centrado nos aspectos de máis interese e adaptadas aos diferentes perfís. As entrevistas realizáronse en formato on-line síncrono de sesión única adaptadas á dispoñibilidade e preferencia das persoas entrevistadas. Como paso previo, facilitouse a acta de consentimento informado para o rexistro e a gravación da entrevista. Do protocolo deseñado no proxecto de investigación –conformado por 4 dimensións (bloques)– neste traballo son obxecto de análise as preguntas 11, 11.1, 12, 20, 27, 29, 29.1, 29.2, 29.3.

- Grupos de discusión:

O grupo de discusión como técnica cualitativa caracterízase por crear un espazo de opinión que permite achegarse ás percepcións (sentires, pensamentos, crenzas e vivencias) das persoas entrevistadas sobre o problema de investigación (Haumi & Varela, 2013; Tójar, 2006). Tendo en conta isto, optouse por esta técnica por considerala a máis acaída pois o obxectivo era incluír as voces e achegas das NNAs para completar a valoración da situación da participación social destes colectivos nos núcleos representacionais do contexto galego.

En total realizáronse catro grupos de discusión en formato presencial nos que participaron 36 nenas, nenos e adolescentes dos respectivos municipios. Igualmente, con anterioridade e a través dos representantes municipais, proporcionouse a acta de consentimento informado para o rexistro e a gravación da entrevista (gravadora de man). A duración dos grupos de discusión (GD) oscilaron entre os 40 e os 120 minutos aproximadamente para non saturar ás NNAs e/ou condicionar as respostas dadas. Respecto aos escenarios nos que se desenvolveron, variaron entre o propio centro escolar (Moeche), unha estancia específica na Universidade da Coruña (A Coruña) e o Salón de Plenos do Concello no caso do grupo de participación infantil de Tomiño. A selección destes espazos respondeu ás preferencias de cada grupo, co obxectivo de xerar un clima de confianza e agradábel no que as protagonistas se sentiran a gusto e cun certo grao de comodidade.

Para iso, elaborouse unha guía específica<sup>11</sup> como modelo de referencia deseñado “ad hoc” (Novella, Crespo, et al., 2021), seguindo as recomendacións científicas para cumprir coa validez desta tipoloxía de instrumentos (Bisquerra, 2019; Tójar, 2006). Así, a estrutura dos GD artellouse en torno a tres momentos clave, que foron precedidos da correspondente benvinda inicial e dos posteriores agradecementos e despedida: preparación, convocatoria e desenvolvemento da sesión.

No caso coruñés, tiveron lugar dous grupos de discusión diferenciados cun total de 10 NNAs: un grupo conformado por 5 membros que formara parte dalgunha iniciativa de participación; e outro integrado por 5 NNA que nunca participaran en iniciativas do seu municipio. Ambos grupos de discusión desenvolvéronse nunha sala da Universidade da Coruña cunha duración aproximada de 40 minutos, sendo dirixidos por dúas persoas do equipo investigador.

No concello de Moeche, realizouse un grupo de discusión conxunto con infancia organizada e non organizada con alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria do CEIP San Ramón (16 NNAs). O grupo de discusión tivo unha duración de 120 minutos, dos cales unicamente foron gravados 56:23 minutos, debido a que a primeira parte dedicouse a unha pequena formación sobre investigación e á presentación do proxecto de investigación (obxectivos, en que consiste esta metodoloxía e que se requiría deles e elas).

Por último, en Tomiño realizouse un só grupo de discusión con 10 NNAs pertencentes ao grupo de participación municipal, sen que fose posíbel desenvolver o segundo grupo de discusión con mozas e mozos non participantes ou non organizadas. O grupo de discusión tivo lugar no Pleno do Salón de Actos e desenvolveuse ao longo de 70 minutos, dos cales se gravaron 46:19 minutos dinamizados por unha persoa do grupo motor.

---

<sup>11</sup> Ligazón á guía do grupo de discusión: [https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/?page\\_id=6730](https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/?page_id=6730)

Cabe mencionar que se ben existiu unha repartición por xénero bastante equitativa (en torno a un 60% nenas fronte ao 40% nenos), detectouse un certo predominio do xénero feminino.

- Cuestionarios:

Sendo conscientes que os cuestionarios son técnicas asociadas ás investigacións por enquisa (cuantitativas), nesta ocasión empregouse de maneira puntual para favorecer o proceso de recollida de información, así como para a análise de preguntas abertas relacionadas coas dimensións e categorías creadas nesta fase do proxecto, e por extensión, deste TFM.

O cuestionario on-line foi dirixido ás figuras técnicas e cargos electos dos tres municipios aplicado como paso previo á realización do segundo obradoiro participativo (Anexo 4), co obxectivo de recopilar as percepcións dos principais axentes implicados na participación das infancia nos respectivos municipios (núcleos representacionais). Así mesmo, serviu de pretexto para dar inicio ao citado obradoiro mediante a análise colectiva dos datos recollidos en forma de nubes de palabras. O cuestionario estaba conformado por 14 ítems organizados en 3 bloques: preguntas de referencia (municipio, xénero, departamento, cargo/responsabilidade, nivel de estudos e formación específica); preguntas de exploración relativas ás categorías creadas para a análise (infancia, cidadanía da infancia, participación da infancia, formas de participación da infancia no municipio e escenarios de oportunidade para a participación da infancia); as preguntas finais (valoración da importancia da participación das infancia na toma de decisións no municipio e comentarios finais optativos). Para a análise de contido empregouse a ferramenta WordClouds (<https://classic.wordclouds.com/>), creando nubes de palabras.

- Obradoiros participativos:

Os obradoiros participativos enténdense como espazos de encontro reflexivos e deliberativos que pretenden profundar en cuestións que requiren ser abordadas dende unha dinámica de responsabilidade compartida, á vez que se constrúen de maneira conxunta (Novella, Sabariego & Crespo, 2021). Partindo destas premisas, invitouse ao conxunto de informantes dos tres municipios para avanzar na investigación *con* e *desde* o ámbito local na participación das infancia e adolescencias nos municipios. A tal fin, o equipo investigador deseñou un documento base<sup>12</sup> que describe os pasos a seguir (obxectivos, planificación e número de obradoiros: catro en total).

Neste estudo emprégase a información recadada no obradoiro participativo número dous, centrado en analizar as estratexias, iniciativas e innovacións que os municipios

---

<sup>12</sup> Ligazón ao documento base: [https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/?page\\_id=7633](https://www.ub.edu/infanciayparticipacion/?page_id=7633)

desenvolveron na súa axenda política en materia de participación infantil, así como formar respecto ao marco normativo-legal e mapa de procesos para a constitución dun Consello Municipal de Infancia e Adolescencia, a petición do Concello da Coruña. O encontro produciuse de maneira presencial nunha sala común da Universidade da Coruña, á que asisten –finalmente– catro persoas do persoal técnico da Coruña (área de Educación), un cargo político de Tomiño e a dinamizadora do Consello Infantil de Tomiño xunto co equipo investigador do grupo motor galego. Esta sesión tivo unha duración aproximada de 180 minutos nunha sesión única de mañá.

### 3.4. Análise e interpretación dos datos cualitativos

Da información obtida e rexistrada a través dos sistemas presentados no apartado anterior, obtense un corpus de análise formado por 13 documentos das transcricións realizadas. A continuación procedeuse á súa organización para entendedos de cara a producir as conclusións (é dicir, os resultados) e favorecer unha comprensión xeral dos casos (Flick, 2012; Simons, 2011). Así, os pasos previos á interpretación consistiron na elaboración dun sistema categorial que se concretou nas dimensións, categorías e subcategorías elaboradas previamente ao inicio da análise en base aos obxectivos fixados no proxecto de investigación (Anexo 5).

O seguinte paso foi crear os códigos seguindo os criterios fixados polo equipo investigador do proxecto descritos a continuación e recollidos na táboa 5:

- 1) A primeira letra correspóndese coa *comunidade* de referencia: Galiza (G).
- 2) O *cargo* que ostenta a persoa que realiza cada cita literal: T (Técnico/a municipal); P (Cargo político); D (Dinamizadora do Consello de Tomiño); NA/NO (nena/neno, para indicar o xénero cando foi posíbel) e N (Nena/Neno, nos casos que non aparece o xénero) e OA (para Outros Axentes).
- 3) O *municipio* participante: 1 Moeche, 2 Tomiño e 3 A Coruña.
- 4) O *instrumento* empregado para a recollida da información: E (Entrevista); D (Grupo de discusión); T (Taller participativo), GM (Grupo Motor) e C (Cuestionario).
- 5) *Número de pregunta* á que dá resposta de cada instrumento (cabe informar que no caso dos instrumentos ‘Taller participativo’ e ‘Grupo Motor’ a información resultante mantén o guión das entrevistas en profundidade debido á falta de numeración de preguntas).

Como exemplo, o código *GD2E11* correspóndese con Galiza, da Dinamizadora de Tomiño cuxa cita textual figura na Entrevista e dá resposta á pregunta 11.

## Táboa 5

### Sistema de códigos

Comunidade	Cargo/informante	Municipio	Instrumento	Nº de pregunta
Galiza	Técnico municipal	1 Moeche	Entrevista	En función do guión dos diferentes instrumentos (E e D)
	Cargo Político	2 Tomiño	Grupo Discusión	
	Dinamizadora	3 A Coruña	Taller	
	Nena/o		Grupo Motor	
	Outros Axentes		Cuestionario	

De cara a facilitar a análise da información recollida elaborouse unha agrupación das diferentes dimensións, categorías e subcategorías (sistema categorial) identificadas cos correspondentes códigos asignados en base á codificación aplicada (consúltase Anexo 6).

No paso final do proceso procedeuse á interpretación dos datos mediante inferencias argumentadas que responden aos obxectivos formulados. Para iso, empregouse o programa informático Atlas.ti versión 9 coa finalidade de facilitar a interpretación dos datos, posto que permite presentar a información de maneira clara, didáctica e simplificada. Para a representación dos resultados optouse por organizar a información en varios bloques temáticos, coincidentes coas dimensións e categorías deseñadas para a recollida de información mediante os instrumentos descritos nos apartados anteriores. De igual xeito, estes resultados dialogan con outros estudos previos co fin de reforzar as inferencias realizadas, así como para insistir nas posíbeis novidades introducidas con esta investigación.

#### 4. Aproximación contextual

Como xa se adiantou, os municipios adscritos ao grupo motor galego e obxecto deste TFM son Moeche, Tomiño e A Coruña. Os tres concellos participaron activamente na Fase 1 da investigación e pertencen a algunha das redes que apoian o estudo (Cidades Educadoras e Cidades Amigas da Infancia).

Neste apartado, realízase unha aproximación a cada un dos casos no que se fundamenta a construción do discurso partindo da análise dos documentos técnicos municipais (apartado 3.3), así como das citas textuais obtidas das entrevistas en profundidade realizadas. Para iso, a organización temática que se presenta comeza cunha breve descrición do perfil sociodemográfico; seguido da traxectoria municipal en materia de infancia e participación infanto-xuvenil; os referentes normativos; as formas de organización e coordinación interna; os apoios externos cos que contan; e a composición dos consellos locais de infancia e adolescencia (CLIA), agás no caso da Coruña.

##### - Caso 1: Moeche

O concello de Moeche (A Coruña), segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE<sup>13</sup>), conta cunha poboación total de 1200 habitantes no ano 2021, dos cales 95 teñen 15 ou menos anos (49 mulleres e 46 homes); o que supón un 7,9 % da poboación. Sitúase na comarca de Ferrolterra que –nos seus 49,5 Km<sup>2</sup> de superficie– integra as 5 parroquias que o conforman. Un municipio pequeno que nos últimos anos vén manifestando preocupación e interese por cuestións vinculadas cos dereitos da súa cidadanía e, máis concretamente da infancia, desenvolvendo políticas públicas que favorecen o dereito de participación das nenas, nenos e adolescentes na vida municipal.

Así, os seus primeiros pasos no avance deste dereito data do ano 2016 cando –a raíz da visita do alumnado do CEIP San Ramón á Casa Consistorial co gallo da celebración do Día Internacional das Infancias (20 de novembro)– se evidenciou a necesidade de atender os dereitos de participación de NNA. Este proceso exponencial deu comezo con iniciativas puntuais, ás que precederon determinadas accións de concienciación sobre os dereitos da infancia e da adolescencia ao resto da comunidade, ao tempo que se ofrecían oportunidades de participación. Os resultados destas experiencias foron tan significativos que evidenciaron a necesidade de impulsar a participación infantil de maneira permanente na dinámica comunitaria; de aí que, no ano 2017, se acordase a adhesión á iniciativa de Cidade Amigas da Infancia (CAI) de UNICEF España, coa aprobación en sesión plenaria da constitución do seu primeiro órgano municipal de participación infantil: o Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA). Paralelamente, constituíron a Mesa de Coordinación Interna de Participación Infantil, encargada de estruturar a participación e de elaborar a documentación requirida para acadar dito selo (diagnose da situación da infancia, Plan de Infancia, Regulamento do CLIA), en colaboración coas nenas e nenos mediante as súas achegas nos plenos. Sería en outubro de 2018 cando a candidatura de Moeche como CAI é aprobada polo Comité Español de UNICEF, dando comezo ao funcionamento do órgano coa incorporación dos diferentes membros.

Os referentes normativos permitiron fixar a folla de ruta na que concretaron as súas aspiracións, obxectivos e perspectivas en materia de participación infantil. Na actualidade –e como parte dos requisitos e estándares fixados por UNICEF– están deseñando a segunda fase de análise do Plan de Infancia; unha tarefa na que está implicada a empresa encargada de xestionar e dinamizar o consello infanto-xuvenil de Moeche. Ademais, existe un compromiso no impulso da participación infantil tanto dende as diferentes áreas de goberno (Medio ambiente, Deportes, Cultura, Benestar...) –sendo a área de Desenvolvemento Local, Igualdade, Infancia e Xuventude o principal referente– como polo conxunto do persoal

---

<sup>13</sup> Ligazón ao Instituto Galego de Estatística (IGE, 2022): <https://www.ige.gal/web/index.jsp?idioma=gl>

técnico, asumido polo Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local “que é bastante raro, pero é que tampouco temos técnico de educación” (GP1E24).

A mesa de coordinación interna ten como desafío establecer unha mesa de diálogo entre os diferentes departamentos implicados nos temas de infancia. Nela participan de maneira asidua os cargos políticos, o persoal técnico e a dinamizadora do consello local, quen serve de enlace entre as NNAs e as persoas adultas para trasladar as propostas, accións, etc., que se deciden no marco do Consello. Tamén, e como estratexia para a busca de alianzas na posta en marcha de experiencias de participación infantil, contan coa colaboración e apoio externo doutros axentes socioeducativos como son a escola, as asociacións ou voluntariado directamente vinculado á área de Xuventude.

Pola súa parte, o Regulamento do CLIA é a guía que recolle as competencias, funcionamento, funcións dos/as integrantes e a estrutura do órgano de participación. No corpo do texto defínese o CLIA como un órgano consultivo e asesor, con carácter vinculante para o concello, sobre todo naquelas cuestións que supoñen o desenvolvemento das súas funcións e competencias que repercuten nun maior benestar social e na mellora da súa calidade de vida. Á súa vez, constitúe un espazo que favorece e permite a coordinación entre as diferentes administracións implicadas en materia infantil e o establecemento de canles para exercer o dereito á súa participación.

No seu artigo 8, sinálase a constitución do Grupo de Participación da Infancia e a Adolescencia (GPIA) conformado exclusivamente por NNAs menores de 18 anos que voluntariamente desexan formar parte do mesmo; coa finalidade de facer efectivo o dereito a ser escoitados/as en relación aos asuntos municipais que lles concirnen. Neste mesmo documento tamén se fixa o número máximo de representantes (20) e indícase a necesidade de rotar anualmente si se supera este límite. De igual xeito, suxírense que as reunións teñan carácter mensual (un sábado pola mañá), e que as temáticas tratadas sexan independentes e seleccionadas polos seus membros.

#### **- Caso 2: Tomiño**

O Concello de Tomiño (Pontevedra), cos seus 13.730 habitantes (IGE, 2021), representa un municipio de tamaño medio. Do total da poboación, un 13% ten 15 ou menos anos; isto é, 1.784 nenas (830) e nenos (954) que viven en Tomiño. Un territorio de carácter rural que conta cunha superficie de 106,61 km<sup>2</sup> repartidos en 15 parroquias pertencentes á comarca do Baixo Miño, e que lindan con Portugal mediante a fronteira natural que establece o Río Miño. Este municipio caracterízase por ter unha experiencia notoria en canto a implementación de políticas de participación infantil dende hai unha década; unha traxectoria que “non está exenta de certas limitacións” (GT2E8) como consecuencia da

dispersión xeográfica que caracteriza este territorio. Este periplo municipal acadou o seu punto áxido no ano 2018, cando se incorporaron á Rede de CAI como resultado da importancia e valoración que se concede á cidadanía das infancias dende o equipo de goberno: “está muy involucrado, luego depende de cada persona, de cada concejalía; pero, en general, van por el buen camino” (GD2E9).

A transversalidade da acción municipal manifestada polos informantes contribúe ao labor do fomento e impulso da participación infanto-xuvenil, situando o foco de interese na implicación das diferentes áreas de goberno. Esta tarefa, dirixida dende a concellería de Eurocidade, Xuventude e Participación Infantil, vese apoiada dende a propia Alcaldía; ademais de contar cunha concellería específica denominada “Mocidade e participación infantil”, e do beneplácito do persoal técnico. Neste caso, a técnica vinculada é responsábel tamén da área de Cultura, Xuventude, Voluntariado e Deportes; un traballo coordinado que se estende á educadora familiar dos Servizos Sociais Comunitarios. Este compromiso no avance de facer efectivo a participación de NNAs reflíctese nas numerosas propostas que dende o goberno local realizan ao CLIA, solicitando a súa colaboración e protagonismo no desenvolvemento de accións que serven para mellorar o seu concello: “ahora están en plena decisión de escoger a un artista para que haga un mural del que ellos han decidido la temática, el edificio, etc.” (GD2E10).

Así, e a fin de promover a coordinación, a comunicación, o intercambio de pareceres e o coñecemento mutuo entre o persoal municipal e as NNAs do órgano infantil, así como entre o persoal técnico e político, efectúanse reunións periódicas atendendo á necesidade de actividade; uns aspectos que evidencian a visión transversal que caracteriza esta administración municipal local. Tamén sinalan a importancia de ter boa colaboración coas escolas do concello (representación diversa no CLIA, disposición de espazos para compartir co resto de iguais os temas que traballan no consello e para a recollida de propostas); coas asociacións en distintas accións conxuntas; e, por último, destacan a oportunidade de traballar con outros CLIAs do territorio galego (Porriño e Redondela) para compartir experiencias, procesos e dinámicas sobre temáticas afíns aos seus intereses e preocupacións (Bullying, saúde mental, etc.).

No relativo aos documentos normativos, o Plan de Infancia supón o documento base que incorpora novas liñas de traballo para dar continuidade ao que viñan facendo respecto ás infancias, con actuacións de maior apertura dende a súa constitución como CAI:

Todas as iniciativas, que nós sempre traballamos, iso si, como moi transversal dentro de todas as áreas (...) o que se recolle é pois as iniciativas que se van a levar a cabo en canto á mocidade e encanto a iso pois a ese tipo de humanizacións (GP2E13).

Na súa elaboración participaron os propios membros do CLIA a través da mesa de coordinación interna, que foi creada co resto de axentes municipais implicados. Esta colaboración conxunta entre os axentes e as NNAs mantívose no deseño e a redacción do Regulamento de funcionamento do CLIA, tomando como referencia outros regulamentos existentes (como o de Teo) que permitiron a modificación de certos puntos para adaptalos tanto aos seus intereses coma á propia realidade. Unha vez consensuado o texto definitivo por todos os membros, levouse a pleno para a súa aprobación.

No Regulamento recóllese a intención do nacemento do Consello da Infancia e Adolescencia de Tomiño, para establecerse como unha canle permanente de participación na actividade de NNA para tratar aquelas cuestións que lles afecten dun xeito directo. Neste documento alúdese á constitución do órgano conformado exclusivamente por NNAs – denominado Voces Novas–, e acompañado por unha persoa técnica –contratada por medio dunha empresa– encargada de dinamizar as sesións do grupo e realizar a coordinación entre o grupo e o concello. Un órgano de participación infantil que estaba

formado por chicas y chicos que ya cumplieron la mayoría de edad y tenían que irse; entonces, lo creamos de nuevo. Entonces, ninguno de ellos tiene experiencia ni nada, pero contamos con la participación, en los primeros meses, de las chicas y los chicos que ya estaban, que les contaban lo que hacían, qué cosas habían llevado a cabo... y bueno; cuando ya llevaban un poquito, para motivarlos y para hacer las cositas que querían hacer, pues se celebró un pleno, hicieron sus propuestas... (GD2E27).

A fin de cumprir con estes encargos, reúnen semanalmente en sesións de hora e media nas que abordan as cuestións referidas aos seus intereses e necesidades. Cómpre sinalar a incidencia que está a ter a creación do CLIA posto que aquelas NNAs que cumpren os 18 anos vincúlense ao grupo de voluntariado local para continuar participando coa achega de ideas e colaborando nas accións e actividades de mellora do seu concello.

### **- Caso 3: A Coruña**

O Concello da Coruña é o municipio de maior tamaño que conforma a mostra desta investigación, pois conta con 245.468 habitantes (IGE, 2021), dos que 31.322 teñen 15 ou menos anos (13 %) sendo 15.907 nenos e 15.415 nenas. A Coruña é a capital de provincia e a cabeza da súa comarca, converténdose no segundo municipio de maior poboación no territorio galego e o máis densamente poboado. Conta cunha superficie relativamente pequena (37,83 km<sup>2</sup>) na que se integran as 5 parroquias que o configuran. En canto ao obxecto de estudo, este concello forma parte –dende o ano 1996– da Asociación

Internacional de Cidades Educadoras, identificando os seus inicios co programa “Coruña Educa” posto que:

Muchas de las acciones que se realizaban no se verbalizaban como participación infantil, no se les ponía esa etiqueta, pero yo creo que muchas de las acciones que se han promovido en los colegios, en horario complementario o extraescolar, siempre la ha tenido (GT3E8).

Este concello non dispón de documentos normativos a nivel municipal relacionados coa participación de NNAs (plans, normativas ou regulamentos específicos). Non obstante, consideran que esta dimensión está contemplada nas planificacións das diferentes concellerías cando desenvolven e impulsan actividades e/ou programas que buscan a implicación e participación destes colectivos: “hay una planificación en este Concello grande respecto a políticas enfocadas a infancia y juventud, que se visibilizan a través de todos los programas dentro de las distintas áreas de gobierno” (GP3E13). Por exemplo, a área de Benestar Social co programa *Nocturnia*; “Desde Empleo tenemos un programa que se llama ‘Semente’ y, en el cual, el alumnado se prepara para gestionar una pequeña empresa” (GP3E4); ou as actividades desenvolvidas nos centros educativos, sendo estes o escenario habitual no cal a concellería de Educación centra os seus esforzos na tarefa de fomentar a participación destes colectivos. Neste caso, a encargada da participación infantil é a Concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica, e a nivel técnico, dende Educación.

Neste senso, indican que existen espazos de coordinación interna a distintos niveles: a nivel de concellerías, reunións co persoal técnico, reunións entre xefes de servizo e de área, etc., mais a cuestión é que “comunicación hay, lo que pasa es que no tenemos una línea de trabajo conjunta orientada a la participación” (GT3E24BIS). Así mesmo, existe apoio externo por parte de asociacións e entidades (como Educo) que facilitan o seu empeño na posta en marcha de accións puntuais de participación.

Tal e como se comentou con anterioridade, na cidade da Coruña non está activo un grupo específico de participación infantil y adolescente, sinalando como posíbeis causas a coexistencia de numerosas concellerías que traballan de maneira independente. En cambio, amosan a súa intención, interese e preocupación por fomentar a participación facendo especial fincapé nos centros educativos (con bastante insatisfacción), así como con outras iniciativas propostas dende os departamentos de participación e/ou a área de Xuventude. Igualmente, o persoal técnico evidencia a necesidade de coñecer o proceso e propoñer recomendacións para a construción dun consello de NNAs na cidade herculina. De aí a súa participación e implicación no proxecto de investigación encabezado polo equipo de investigación ChildCity.

## 5. Resultados e discusión

A continuación preséntanse os resultados da investigación de maneira estruturada (Punch, 2009), co fin de manter unha redacción o máis ordenada e obxectiva posíbel da análise realizada. Para iso, os contidos clasifícanse atendendo á secuencia das dimensións definidas na investigación (Dimensión 3 “Representacións sociais da infancia” e Dimensión 4 “Escenarios de oportunidade”) así como ás diferentes categorías e subcategorías creadas en base ás preguntas dos instrumentos empregados na recollida de datos; e que se centran nos tópicos a abordar no proxecto de investigación.

Neste senso, seguindo as tendencias académicas e investigadoras, xunto á análise descritiva dos resultados, elabórase a súa discusión co propósito de fortalecer o apartado empírico, reforzando a información obtida no traballo de campo con estudos relativos aos temas tratados á vez que se relaciona co marco teórico que sustenta este estudo (Murillo et al., 2017). Cómpre matizar que se opta por manter o idioma (galego e español) das citas textuais que se xuntan como parte da narrativa do conxunto de informantes.

### Dimensión 3: Representación social de la infancia y adolescencia (D3)

#### - Representacións do concepto Infancias<sup>14</sup>

En canto ao concepto infancia, asóciase a unha etapa destinada ao descubrimento, ao encontro e, principalmente, á dimensión lúdica (xogar, diversión). Pola súa banda, os/as adolescentes obsérvanse como o espazo social de transición á etapa adulta: “claro, piensas en infancia e igual piensas máis en juegos, y cuando pienso en adolescencia es más ese camino para ser adulto, no?” (GP1E11);

Yo creo que la infancia es más un tema de descubrir, de encontrar espacios, de encontrar la diversión... y la adolescencia es un momento de llegar a una etapa adulta, más de... no ya autocrítica, sino crítica en general. Y de reivindicaciones, a lo mejor; reivindicaciones propias. Las reivindicaciones de la infancia, cuando realizamos encuentros o acciones participativas, van más por los adultos; las de la adolescencia ya están más cuestionadas por ellos (GT3E11).

De maneira xenérica, os/as informantes manifestan a existencia de diferenzas entre nenos/as e adolescentes. Entre os argumentos dados atópanse aqueles que se identifican ou asocian a unha etapa do ciclo vital, á condición evolutiva e de capacidades ou os relativos ás necesidades, reivindicacións e intereses diferenciados que son atribuídos socialmente a cada un dos colectivos. Respecto a estas diferenciacións, traballos como o de Seguro (2016) poñen de manifesto que atender a estas diferenzas –máis aló da súa idade,

---

<sup>14</sup> Nesta análise, alúdese a nenas, nenos e adolescentes que se atopan no rango de idade dos 10 aos 18 anos.

experiencias persoais, educativas e sociais– van configurando os seus modos de ver e reflexionar sobre aspectos elementais como a cidadanía e os seus dereitos; á vez que lles permiten adquirir maior comprensión e concienciación de situacións de desigualdades sociais e/ou de vulneración. Así mesmo, evidencia que estas diferenzas evolutivas deben servir para a creación de espazos de participación adaptados ás súas necesidades e características (recursos, metodoloxía...) para que todas as NNA poidan expresar as súas ideas e formar parte do proceso de toma de decisións dos asuntos que lles concirnen.

Igualmente, acreditan maiores facilidades para traballar coa infancia e captar o seu interese; en cambio, o grupo adolescente mostra máis receo, desconexión e dificultade para chegar a eles e elas. A este respecto, cabe destacar o recoñecemento por parte dun cargo político da falta de atención ás necesidades do grupo adolescente, poñendo de manifesto que esta cuestión require dunha corresponsabilidade entre ambas partes: a adolescencia e o municipio; unha cuestión que expresa afirmando que:

Boto en falta algunha proposta do concello na que non estea todo pautado, na que haxa certa marxe de manobra; non sei, un campamento de xogo libre, de xogo non estruturado... que non estean as actividades programadas, que os pais teñan que saber en todo momento que está facendo o seu fillo (GOA3E11).

Seguindo esta tese, outras investigacións ratifican que implicar á adolescencia no deseño e xestión de proxectos, actividades e/ou iniciativas do seu interese na comunidade, deriva nun incremento do grao de compromiso e participación deste colectivo, ao tempo que permite mellorar ditas experiencias (Cano et al., 2019; Doistua et al., 2016; Novella et al., 2013). Con todo, debe existir un compromiso do conxunto da cidadanía e das institucións en aras de promover a participación xuvenil en base ás experiencias vividas (governos locais, centros escolares, entidades educativas e culturais, etc.). Esta asunción de roles diferenciados pode ser a causante da desafección manifestada polo colectivo adolescente cando expresan que os seus intereses e necesidades non son atendidos; ou tamén das recorrentes alusións –por parte das administracións locais– relativas á falta de participación e implicación deste colectivo na vida sociocultural dos municipios. Ademais, estes efectos –que resultan contraproducentes– danan a imaxe construída socialmente sobre a adolescencia, cargada de estereotipos e clichés do tipo “a xuventude non se implica”, “non saben o que queren” ou “só fan tonterías”, tal e como se afirma no estudo de Esteban e Novella (2018). Para mudar esta visión nesgada, as/os propias adolescentes entenden que non se lles pode considerar si se parte de certos prexuízos e non se lles teñen en conta.

En contraste, a investigación de Collins et al. (2016) evidencia unha serie de barreiras relativa aos consellos xuvenís municipais: a necesidade continua de captar máis iguais para

participar en iniciativas e maior compromiso cívico; pero tamén certa reticencia por parte das persoas adultas a asociarse con NNA.

Pola contra, o estudo de Doistua et al. (2016) destaca entre os motivos do éxito dos proxectos analizados a alta taxa de participación de adolescentes, identificando entre as posibles causas que sexan as propias adolescentes quen establezan as súas normas e se autoxestionen debido á motivación que isto lles supón. Na mesma liña apuntan os resultados do estudo de Ortega et al. (2015) sobre o uso e os espazos para a xuventude, acreditando que as persoas xoves mostran maior participación en espazos onde adquiren unha maior autonomía e oportunidade de autoxestión (como os espazos propios e –en menor medida– os monitorizados). Deste achado, quizais se poda inferir o chamamento ás novas formas de actuar das institucións públicas, pasando do paradigma da “monitorización” ao paradigma da “autoxestión”, como unha estratexia para a innovación social na participación infanto-xuvenil.

En cambio, alúdese de maneira concreta a unha similitude entre a infancia e a adolescencia vinculada á representación tradicional que historicamente imperou nestes colectivos, debuxando ás NNAs como suxeitos pasivos, receptores da beneficencia das persoas adultas antes que axentes responsables do seu benestar e o da súa comunidade. Así o ilustra o comentario realizado por un experto entrevistado: “hai cousas que son comúns á infancia e á adolescencia; neste caso, a invisibilidade e o ninguneo é común” (GOA3E11). Un comportamento que choca coa visión renovada e reivindicativa dos enfoques de dereitos e de capacidades que consideran ás NNAs como suxeitos activos e actores emerxentes da vida social (Gaitán, 2018b; Romero et al., 2021, Save the Children, 2017; UNESCO, 2019; UNICEF, 2019), e que afortunadamente están a mudar de forma progresiva as representacións sociais contemporáneas sobre estes colectivos. O mesmo entrevistado considera que comparten outro denominador común, pois “son o fermento de renovación da sociedade e as cidades”.

Doutra banda, tanto as figuras técnicas e expertas como os cargos electos coinciden en sinalar as potencialidades e beneficios de incluír no mesmo órgano de participación a ambos colectivos, sen distinción por idades. Como resultado, prodúcense dinámicas positivas que se sustentan e manifestan no apoio mutuo, o aumento da motivación entre nenas/os e adolescentes, a disposición para traballar en equipo, a diversidade nos puntos de vista e opinións, e no fomento da inclusión de todos os membros do grupo. O seguinte comentario é ilustrativo das citadas potencialidades:

Aquí, como somos pocos, desde el principio hemos hecho las reuniones conjuntas. Y bien. A los niños pequeños les encanta que estén los mayores, y los grandes se motivan más al ver que los pequeños hacen mogollón de propuestas (GD2E11).

Na mesma liña sitúanse as palabras dunha representante política entrevistada: “Entón, si que é algo tamén que nos gusta deste novo Consello de Infancia, que está un pouquiño máis nutrido, máis mesturado no que son as idades e así” (GP2E11). Isto non impide que “se por calquera cousa consideramos que é mellor que traballen en equipos separados algo puntual, pois se fai e ningún problema nese sentido” (GT2E11). Esta boa acollida na formación puntual de grupos ou equipos diferenciados por parte do conxunto de NNAs, sumada ás anteriores aprendizaxes e valores, pon en evidencia os contidos formativos que se exercitan e aprenden a través dos consellos infantís, entendidos como órganos reais de participación social. Dito doutro xeito, os consellos infantís configúranse como medios de formación para a cidadanía onde se exercitan unha serie de capacidades cívicas e participativas, tal e como se recolle no marco teórico (Agud & Lena, 2018; Romero et al., 2021; Trilla & Novella, 2011; UNICEF, 2019).

Na Figura 7 móstrase a nube de palabras que inclúen os termos que os informantes asocian en maior medida ao concepto de *Infancia*. Da refundición das respostas dadas nos cuestionarios previos á realización do obradoiro participativo, defínese a infancia como o conxunto de persoas menores de 18 anos (etapa de desenvolvemento físico, social e cognitivo), cunhas necesidades e dereitos específicos, ás que é preciso escoitar e facer partícipes.

As concepcións identificadas polo conxunto de informantes converxen coas propostas doutros estudos sobre as representacións colectivas destes colectivos, como son as vinculadas a unha *etapa do ciclo vital* identificadas cunha idade convencional, tal e como se expresa na propia Convención; mentres, a Lei galega da familia, da infancia e da adolescencia diferencia entre infancia –NNA até os 12 anos– e adolescencia –dende os 12 anos até os 18 anos, a maioría de idade establecida por lei– (Ariès, 1960; De Mause, 1974; Gaitán, 2006; Gaitán, 2018; Novella, 2015 e Verhellen, 1992). E tamén coa representación como *período temporal* relacionado co proceso biolóxico de maduración individual (física, cognitiva, emocional...). Unhas discrepancias sobre as representacións que confirman a falta de unanimidade respecto a *que son* estes colectivos nas sociedades actuais; cuestións que recordan que esta parte da poboación queda supeditada a como cada sociedade concibe as infancias en cada momento histórico (Casas, 2006).

Figura 7

Palabras asociadas ao concepto infancia



- **Percepcións da poboación ou comunidade respecto ao colectivo de NNA**

No que respecta á percepción da comunidade sobre o colectivo de NNA, identifícanse dúas posicións claramente definidas. A primeira refire ás percepcións ou imaxes sociais sobre a infancia e adolescencia centradas nas visións adultocéntrica e proteccionista, mentres que a segunda posición sostén a produción dun avance, pero con certas limitacións.

Así, as figuras expertas sinalan a existencia de visións negadas e adultocéntricas sobre a infancia e adolescencia baseadas nos estereotipos ou prexuízos que recaen sobre estes colectivos, o descoñecemento de NNA e o seu desenvolvemento, a falta de atención ás súas necesidades ou a percepción das institucións respecto do potencial do xogo e a diversión como ferramentas para o desenvolvemento e atención das súas necesidades. Tamén sinalan a existencia de diferenzas entre a infancia e a adolescencia; pois a primeira etapa quereña fragmentada e dominada, mentres que a segunda considéranla disruptiva e consumista. Así o expresan na seguinte afirmación:

[...] a consumir, directamente; porque... que alternativas gratuítas hai de lecer? Non sei... a min paréceme preocupante a nivel da adolescencia. Entón, creo que desde as institucións, non se percibe o xogo, practicamente a ningún nivel. Vese como unha perda de tempo; non está a ser produtivo isto. Cando é totalmente o contrario no caso da infancia e da adolescencia; as melloras nas súas necesidades e no seu xeito de desenvolverse pasa polo xogo e pola diversión, non? Os adultos non o conciben (GOA3E12).

Neste senso, outros traballos manifestaron a transcendencia do xogo nos discursos e prácticas participativas que teñen lugar nos diversos escenarios para transformar as súas realidades sociais máis próximas (ciudades, comunidades, escolas, ocio, etc.), atribuíndolles o protagonismo en todo o proceso a fin de adquirir novas aprendizaxes favorábeis para o seu desenvolvemento cognitivo e social (Polo & López, 2020; Shabel, 2016). Á súa vez,

nomean ao xogo como un recurso pedagóxico idóneo para traballar e educar a participación infanto-xuvenil, como un dereito recollido na Convención (UNICEF-CAI, 2014).

Outro dos elementos enunciados recae na posíbel falta de información das persoas adultas; de aí a súa escasa valoración e visión estereotipada sobre a capacidade transformadora da infancia e adolescencia. Unha percepción que contrasta coa realidade expresada pola dinamizadora entrevistada, pois considera que “es todo lo contrario, sus propuestas no son propuestas para ellos, sino que tienen en cuenta a toda la sociedad” (GD2E12). Esta falta de información e descoñecemento xeneralizado sobre os dereitos e capacidades das NNAs recóllense noutros estudos e informes (Ingrid, 2014; Plataforma pola Infancia, 2022; Seguro, 2016).

Desde a óptica política, identifican un avance no cambio de mirada respecto a NNA, sen que se corresponda co pleno exercicio da súa participación; xa que esta se percibe como outra actividade máis nas axendas de NNA, amedrentada pola falta de crenza nas capacidades e potencialidades da infancia e adolescencia para opinar, preocuparse e falar de certos temas. Unha concepción que relega a un segundo plano á infancia e adolescencia pola súa condición de seres humanos en formación, incompletos e en construción pois “aínda non son”. En consecuencia, incrementáanse os estereotipos relacionados con estes colectivos, e “atópaste con argumentos, con razoamentos que te deixan, bueno claro, planchado” (GP1E12). Outros, pola contra, recoñecen as NNA como colectivos activos *per se*, polo que sería necesario “darles voz y hay que estar con ellos para percibir todo ese mundo” (GP3E12).

En canto ao avance na percepción de NNA, vincúlano ao tipo de accións que se realizan no municipio e á súa difusión, pois favorecen o coñecemento e recoñecemento da participación infanto-xuvenil:

Hai outras iniciativas que se levaron a cabo que chegan como a toda a poboación en xeral, eu creo que si que se ve que é coñecido o Consello da Infancia e Adolescencia e que saben que existe, non? Pois esa participación é ese tirón que teñen eles (GP2E12).

O anteriormente descrito contrasta co expresado polas técnicas consultadas que evidencian as dúas posturas citadas. Dun lado, o cambio de percepción sobre a infancia e adolescencia por parte das persoas adultas, favorecida polo desenvolvemento de accións interxeracionais e a súa difusión ao resto da comunidade, tal e como sintetiza este comentario:

O que considero é que nas actividades que levamos feito, non? e que son así interxeracionais o que si que noto é un cambio nesa percepción. En plan, comentarios tipo: carai que iniciativa teñen, carai como se preocupan, non? por

cambiar das cousas, mira fan unha campaña de adopción de cans e gatos, aí pois mira... (GT2E12).

Do outro, a existencia da visión proteccionista que aínda aniña en parte da sociedade e que camiña en sentido contrario ao dereito de participación e a autonomía progresiva de NNA. Para iso, destacan a necesidade de reivindicar a creación de espazos para a participación e o fomento do sentimento de pertenza, como son os órganos de participación:

La ciudadanía no pelea para que se les de este espacio, porque, al final, los vemos desde una perspectiva proteccionista... depende de a quién te quieras dirigir, pero hay espacios más críticos, como son los foros de participación, en los que se va ganando ese sentimiento de pertenencia (GT3E12).

Estes resultados acreditan dous aspectos relevantes en concordancia con estudos previos. Dunha banda, a necesidade de fomentar espazos compartidos entre as NNA e persoas adultas como estratexia pedagóxica na tarefa compartida de avanzar no cambio de miradas sobre as propias infancias, así como a relevancia de potenciar máis e mellores espazos para ofrecerlles oportunidades de exercer o dereito á participación e de formar a unha cidadanía crítica, consciente e responsábel coas súas contornas. Doutra, a importancia de visibilizar e difundir as accións desenvolvidas por NNAs dende os diferentes escenarios para avanzar no recoñecemento dos novos actores sociais e da súa axencia (Gaitán 2018b; Esteban, 2022; Esteban & Novella, 2018).

#### **- Representacións do concepto de Cidadanías das infancias**

En relación á cidadanía da infancia e adolescencia, de maneira xeneralizada, prodúcese unha asociación cos seus dereitos, deberes e responsabilidades. Con todo, obsérvanse diverxencias na consideración igualitaria destas atribucións entre NNAs e persoas adultas. No relativo aos seus dereitos, existe practicamente unanimidade no recoñecemento da igualdade entre estes dous colectivos, pero con certas apreciacións que atenden á visión desta equiparación igualitaria desde un enfoque teórico –recollido nos distintos documentos normativos oficiais–, pero así e todo non se ve correspondido coa súa aplicación na realidade. Esta distancia teórico-práctica pon de relevo que a pesar dos avances en termos legislativos aínda queda moito por facer en canto á concienciación do papel que nenas e nenos poden e deben ter nas súas comunidades de pertenza e así exercer a cidadanía. A este respecto, cómpre resaltar o comentario do entrevistado experto en participación infantil e adolescente, no que reclama a necesidade de seguir avanzando a fin de materializar algunhas cuestións que hoxe forman parte do debate público en canto aos dereitos da infancia e adolescencia:

Eu creo que salta á vista que non; desde o momento que o neno non é un ente produtivo, non? Non ten dereito a moverse libremente, por exemplo. Non ten dereito a facerse oír. Non ten dereito á protesta porque non ten capacidade de autoorganización. Iso non significa que os nenos rodeen o Congreso ou asalten o Capitolio; eles non teñen esa capacidade. Teñen dereito de manifestación? Ao mellor está recoñecido, pero é factible? Eu creo que non, e creo que se ve moi claramente isto na pandemia, non? Onde estaban os nenos? Tiñan máis dereito as mascotas! Ou sexa, iso era unha... pois esa é un pouco a medida de onde estamos (GOA3E11).

Este comentario lembra a consideración que aínda persiste sobre a cidadanía plena de NNA, vistos como persoas que se atopan nunha situación de “espera ou tránsito” ata alcanzar os mesmos dereitos que as persoas maiores de 18 anos, que son consideradas cidadás de pleno dereito. Por tanto, enténdese a cidadanía como un atributo que adquiren as persoas maiores unha vez alcanzan a maioría de idade legal (Gaitán, 2018b).

En contraste, destacan que os deberes e/ou as responsabilidades deberían ser diferentes entre as NNA e as persoas adultas. Así, entre os matices sinalados identifican a condición evolutiva, a idade, o sexo/xénero ou o comportamento, pois “ás veces creo que despois na realidade si que lles pedimos máis responsabilidades que dereitos lles damos” (GP1E20); “lógicamente, luego hay que entender lo que es la responsabilidad, que es otro tema diferente, ¿no? La responsabilidad debe ser distinta, ¿no? Porque no puedes pedirle la misma responsabilidad a un adulto que a un niño” (GP3E20);

Pero non poden ter os mesmos deberes, é dicir, non pode ser o mesmo deber un adulto, unha adulta, non? e que un neno que unha nena. Entón máis que teñen que ser diferentes, non lle podemos esixir o mesmo a un pai, unha nai que a un fillo ou unha filla, por exemplo (GT2E20).

Á luz destas argumentacións, despréndese que o concepto de cidadanía vincúlase aos seguintes requisitos:

- Os/as NNA xa son cidadás/ns de orixe: “un é cidadán desde o momento en que un nace” (GP3E20).
- Unha cidadanía baseada nunha concepción xurídico-política ou en requisitos normativos: “eu creo que é ter en conta todas as normas que consideras que debes de aplicar ou as condicións das que debes poder gozar” (GT3E20).
- Unha cidadanía centrada na diferenza: ver aos nenos e nenas como cidadáns e cidadás iguais con dereito a formar parte da sociedade e ser recoñecidos tendo en conta a “diferenza social”.



necesidades, sus aportaciones, sus inquietudes” (GT3E11.1). Dúas reivindicacións que simpatizan coas achegas doutros traballos deste campo de estudo e con varias das citadas condicións básicas para acadar unha participación efectiva, ética e significativa: voluntaria, respectuosa, pertinente e responsábel (Hart, 1992; Save the Children, 2017); así como para o logro dunha participación valiosa (espazo, voz, público e influencia), tal e como enuncia UNICEF (2019).

Non obstante, refiren en varias ocasións á importancia de dar un paso máis no exercicio deste dereito, pois alén de escoitar e ter en conta a este sector da poboación, como parte da responsabilidade dos gobernos e axentes implicados reclaman que: “sus propuestas se realicen, ¿no?” (GT3E11.1); “Non podemos ocultar unha parte á hora de xestionar os recursos nin á hora de socializar, non podemos ocultar unha parte da sociedade” (GP1E11.1); “Con isto quero dicir que a participación é simplemente darlles a posibilidade de participar, ofrecerlles como participar e facelos partícipes a veces, iso é o importante penso” (GT2E11.1). Unhas peticións que xa se recollían en estudos previos (Cidades Educadoras, 2020; Gaitán, 2009; Novella, 2015; UNICEF 2019)

Non é solo oílos senón facer esas accións que eles nos piden e nos dan a súa opinión e que se vexa iso reflectido despois, non? Porque eles tamén precisan saber que realmente están dedicándolle un tempo, non? Pois do seu tempo libre por dicilo así, pois llo están dedicando ao que é o ben do seu Concello en xeral, pois si que necesitan ese feedback, non? Que vexan tamén que se lles está tendo en conta e que a súa opinión está aí plasmada e as súas decisións tamén (GP2E11.1).

Afirman, ademais, que exercer este dereito contribúe a aumentar o seu sentimento de pertenza e identidade co municipio e sentirse cidadás e cidadáns con capacidade de participación: “A ver; es importante tenerlos en cuenta, de una forma que ellos también puedan sentirse como uno más en nuestro Ayuntamiento” (GT2E11.1); “[...] Yo entiendo que es esto; el sentirse cómodo, el sentirse parte de algo” (GT3E11.1). Tamén se alude en menor medida á participación como proceso: “La participación debe llevar también un proceso, lógicamente, adaptado a sus necesidades y adaptado a su edad; pero un proceso también de reflexión [...], eso les ayuda, luego, a tomar una decisión, ¿no?” (GP3E11.1), en consonancia coa interpretación dada por Cidades Amigas da Infancia (UNICEF, 2020).

Especial atención merecen as percepcións das persoas expertas, sinalando que a participación das infancias é “Darles lo necesario, porque para construir una sociedad inclusiva, lo mejor es que los niños, las niñas y los adolescentes lo vivan” (GD2E11.1), á vez que lle atribúen unha serie de dimensións que favorecen: “unha experiencia educativa, o desenvolvemento evolutivo deses rapaces e rapazas, desenvolver un contexto de

intelixencia emocional na interacción, facer un exercicio de responsabilidade cidadá e política, permítelles formar parte dun proceso participativo” (GOA3E11.1). Noutras palabras, “póñense nun contexto e nunha acción que lles prepara para a cidadanía” (GOA3E11.1). A diversidade de dimensións sinaladas recordan ao carácter multidimensional da participación infantil aportado polo traballo de Novella (2012), no que se reafirma o significado atribuído á participación infantil como “unha experiencia persoal e colectiva que permite implicarse en proxectos sociais que, mediante a palabra e acción comprometida, pretenden transformar a realidade próxima” (Novella, 2008, p. 78). O mesmo experto reconece que a participación é “unha ferramenta inmejorable, de xeito innegable, para a innovación institucional, non? É como un xeito de adaptar os proxectos e as actividades ás necesidades reais que eles manifestan, non? E, por extensión, está adaptada a eles”, ao tempo que “O neno é tamén, digamos, indicador de calidade democrática, porque se acadan participar os nenos, cousa que aínda é difícil de entender, pois xa quere dicir que a calidade democrática está nun nivel ‘top’” (GOA3E11.1).

Tamén se alude á condición de cidadanía activa do presente, o que suscita algunha crítica respecto á visión de NNA como proxecto de futuro:

A min hai unha frase, que non comparto e que se escoita bastante é “hai que coidar moi ben e ter en conta aos nenos e nenas porque son o futuro”, non? Pois discrepo con iso porque, para nós non; os nenos e as nenas son o presente, [...] ter conta deles para que no futuro, non...non, son o presente e penso que son, e teñen que ser, suxeitos activos da sociedade (GT2E11.1)

Neste senso, reivindicamos un cambio no papel e na mirada adultocéntrica que persiste en boa medida no imaxinario sociocultural:

O que eles nos digan que nos sirva pois para poder mellorar e ter outro punto de vista que non temos nós, que sempre cremos que sabemos o que os máis pequenos queren ou necesitan. E a verdade que no momento no que lles das a eles pois esa voz e te dan a súa opinión, non? máis sincera sobre algún tema en concreto pois ves realmente que aínda non o sabemos todo. Os maiores non o sabemos todo eu creo que iso, é un pouco ser recíproco, non? Non solo que eles nos dean a súa opinión senón que un pouco nos tamén lles saibamos responder e que pensen que a súa opinión se lles ten en conta (GP2E11.1)

En base ás palabras dos/as informantes recollidas nos cuestionarios (Figura 9), a participación da infancia, pódese definir como o dereito que esta ten para formar parte da comunidade e a participar na vida pública, e o deber das administracións de escoitar e recoñecer as súas voces así como de crear espazos de participación. Esta dobre mirada

sobre a participación infantil focalizada no “dereito a” e o “deber de” mostra similitudes ás expresadas noutros estudos; con especial fincapé no referido ao “deber de”, posto que é necesario redefinir as funcións que desempeñan as persoas adultas neste proceso para avanzar cara a axentes potenciadores da autoxestión e a autodirección das NNAs (Gaitán, 2009). Pero tamén, é preciso garantir estruturas e procesos participativos, así como iniciativas lideradas e organizadas por NNA. Esta tarefa compromete aos municipios e demais administracións públicas a facilitar medios, espazos e recursos para impulsar e estimular a súa participación no proxecto colectivo de construír as súas contornas: escolas, comunidades, cidades, etc. (UNICEF-CAI, 2022). Unha reivindicación que é manifestada polas NNA cando se lles preguntan sobre esta cuestión, tal e como se recolle na investigación de Esteban e Novella (2018).

### Figura 9

*Palabras asociadas á participación das infancias*



Ante a pregunta sobre a importancia que as infancias participen no proceso de toma de decisións do seu municipio, obtense unha puntuación total de 4,7 sobre 5 puntos; o que evidencia unha valoración moi positiva respecto da importancia que os informantes outorgan á participación das infancias na toma de decisións colexiadas nos seus municipios. A este respecto, é preciso destacar o comentario que advirte –unha vez máis– do deber e a responsabilidade das administracións locais no fomento e a consolidación da participación infantil e adolescente, poñendo énfase na necesidade de dar respostas –un retorno e unha devolución– ás achegas que as NNA realizan no municipio como posibles estratexias metodolóxicas:

Creo que é moi importante, non só que a Administración local habilite mecanismos e programas para a infancia, senón que exista sempre un “retorno”. Que as e os menores que fan chegar á administración as súas demandas, ideas ou propostas, obteñan unha resposta e sexan conscientes de que a súa achega tense en conta. Doutro modo, se desincentiva esa participación (GNC14).

En relación á cuestión referida ás palabras que lles veñen á mente cando pensan en formas de participación da infancia no municipio, do conxunto de palabras enviadas (Figura 10), identifícanse con espazos, recursos e/ou programas deseñados para fomentar a participación da infancia no municipio, onde esta cidadanía pode expresar as súas ideas, compartir opinións, implicarse, etc.

### Figura 10

*Palabras asociadas a formas de participación da infancia*



Pola súa parte, os *grupos de discusión* realizados nos tres municipios con NNA revelan palabras coincidentes á hora de referirse á participación: *diversión, axudar, compartir, traballar en equipo, colaborar, felicidade, amizade, voz, opinión, debater, equipo, diálogo, achegar ideas*. Cun menor peso, os e as NNAs mencionan palabras como: *xogar, orgullo, igualdade, voto, decisión, celebración, esforzarse, aprender e ensinar*. Tamén, e aínda que de modo puntual, chama a atención que aludan aos termos de *ciudadanía activa, obedecer e pánico escénico*, tal e como se mencionan en dous grupos de discusión. A teor das respostas, como se recolle na Táboa 6, o conxunto de palabras destacadas por NNAs ao redor da participación relaciónanse coa adquisición de capacidades e valores democráticos, así como con achegas beneficiosas a nivel persoal. Esta percepción da influencia da participación constátase no estudo de Agud e Llena (2018) relativo aos consellos infantís e o CNIAC no contexto catalán que –baixo a mirada das persoas participantes– sinalan a adquisición de capacidades (habilidades e competencias), valores democráticos, o autorecoñecemento e ao próximo, así como a mellora das redes sociais como factores que inciden na participación da cidadanía.

## Táboa 6

### *Relación entre palabras de NNA sobre participación e achegas educativas*

<b>Capacidades (habilidades e competencias)</b>	Traballo en equipo, colaboración, toma de decisións, xenerosidade
<b>Valores democráticos</b>	Diálogo, ben común, expresar opinión, voto
<b>Valores democráticos</b>	Felicidade, goce, xeración de novas redes sociais, celebración, esforzo, diversión

Así mesmo, compróbase que a participación axunta elementos positivos, como desprenden algúns comentarios de NNA: “Un grupo de personas que charlan debaten lo que sea de un tema, bueno no tiene que ser uno en concreto, para llegar a una conclusión” (GNA3D0); “Hacer trabajo en equipo para conseguir algo en común”; “Ayudar entre nosotros para conseguir un propósito”; “Creo que es que como que los niños deciden parte de la que es como una idea más, es la idea de los políticos, del alcalde y todo eso y la idea de los niños una idea más” (GNO3D0).

É preciso deixar constancia que as/os NNA non identifican palabras ou alusións con connotacións negativas respecto ao feito de participar ou da participación infantil e adolescente. Unha apreciación que denota a importancia destes espazos así como os beneficios que comporta para o seu desenvolvemento persoal e colectivo tanto para os e as protagonistas (NNA) como para a formación da cidadanía a través da participación activa nos consellos infantís.

#### **Dimensión 4: Escenarios de oportunidade (D4)**

Os escenarios de oportunidade para a participación da infancia na toma de decisións, sinalados nos cuestionarios de exploración dos núcleos representacionais realizados con antelación á celebración do Obradoiro participativo (Figura 11), asócianse con: a) estruturas institucionalizadas que favorecen a participación infanto-xuvenil (consellos, escola, pleno infantil, goberno local, administración pública...); b) axentes socializadores (escola, círculo amizades, asociacións, contorna...); e, c) espazos relacionados con actividades lúdicas ou de lecer de NNAs (deportes, voluntariado, cultura...).

**Figura 11**

*Escenarios de oportunidade para a participación infantil*



**- Mapa de escenarios, departamentos e axentes vinculados**

Da información aportada nas entrevistas e os grupos de discusión, preséntanse –a continuación e de maneira organizada– os seguintes apartados: a) o mapa de escenarios de participación da cidadanía das NNA no municipio, acompañado dun cadro resumo dos departamentos e axentes implicados; e b) caracterización dos principais escenarios identificados.

**a) Mapa de escenarios de participación, departamentos e axentes**

Extráense cinco grandes espazos, esferas ou ámbitos de participación da cidadanía das NNA no contexto municipal (Figura 12):

- 1) Órganos de participación infanto-xuvenil impulsados desde o goberno local
- 2) Os centros escolares
- 3) Experiencias impulsadas desde as administracións locais
- 4) Experiencias autoxestionadas por adolescentes na comunidade
- 5) Actividades extraescolares no concello

**Figura 12**

*Escenarios de oportunidade para a participación de NNA no municipio*



Estes resultados manteñan similitudes con outros estudos (Apud, 2001; Casas, 2006; Martínez & Martínez, 2000; Novella, Mateos et al., 2021; UNICEF, 2003) respecto á

identificación dos escenarios habituais de participación infantil, como son os órganos de participación municipais, os centros escolares, experiencias autoxestionadas ou as impulsadas dende as institucións. En cambio, non se mencionan outros espazos como as familias ou as contornas dixitais, tal e como se deduce noutras investigacións (Cho et al., 2020; De la Garza et al., 2019), a pesar do cambio imposto do formato presencial ao virtual derivado da pandemia da Covid-19. Nesta liña, o estudo de Novella, Romero, et al. (2021) conclúe respecto da necesidade de repensar a contorna dixital como un espazo participativo, así como incrementar o uso da tecnoloxía ao servizo da cidadanía máis nova. Seguindo esta tese, no estudo con mozas e mozos realizado por García et al. (2014) reflíctese que as redes sociais cambiaron o significado da participación, incentivando o compromiso e conseguindo que esta parte da sociedade –antes desmobilizaba– pase á acción. Entre os seus resultados destacan as porcentaxes significativas de participación solidaria practicamente on-line, afirmando que máis do 80% da mocidade participa dun modo diferente nas accións que se convocan a través das redes sociais.

Unha advertencia que aparece recollida nos informes da UNESCO (2019) e UNICEF (2020), cando aluden ás consecuencias sobrevidas coa revolución dixital, entre as que destacan a transformación profunda das relacións individuais e sociais, a información e a comunicación, a interacción entre cidadanía e os gobernos, ou a participación cívica. Como resultado, agromaron novas ferramentas para a participación fomentando as oportunidades para emprender social e politicamente e para reducir as xerarquías tradicionais. Así, aseguran a existencia de dúas tendencias predominantes que singularizan a nova participación transformadora: as actividades informais sen líderes e o activismo en liña e de hashtag. Non obstante, tamén advirten de novos posíbeis riscos nestes espazos virtuais, relacionados coa vixilancia, a privación, a exacerbación de situacións de exclusión, etc.

Na Táboa 7, recóllese un resumo dos diferentes escenarios identificados polo conxunto de informantes vinculados aos departamentos municipais así como aos axentes implicados nas diferentes accións enunciadas nas entrevistas e nos grupos de discusión realizados nos tres concellos.

## Táboa 7

*Relación entre escenarios de oportunidade, departamentos e axentes vinculados*

Municipio	Escenario	Área/Departamento	Axente
<b>Moeche</b>	Consello Infantil Na comunidade Soporte da administración	Concellería de Desenvolvemento Local, Igualdade, Infancia e Adolescencia	Técnica de Emprego Dinamizadora Docente Concelleira
<b>Tomiño</b>	Consello infantil Na comunidade Soporte da administración Non orgánicos	Concellaría de Eurocidade, Adolescencia e Participación Infantil Medio Ambiente Servizos sociais	Dinamizadora Técnica de Cultura y Xuventude NNA Entidades sociais Concelleira
<b>A Coruña</b>	Centros escolares Soporte da administración	Concellaría de Educación, Cultura e Memoria Histórica Igualdade, Benestar Social e Participación	Técnica de Educación Consello escolar Concelleiro

### - **Caracterización dos escenarios de participación infantil**

- 1) Órganos de participación infanto-xuvenil impulsados desde o goberno local (Moeche e Tomiño):

Os consellos de participación supoñen de maneira dominante o escenario onde as NNA exercen e practican a súa cidadanía. Neles, desenvólvense unha serie de accións ao redor de:

- Cuestións que lles preocupan ás NNA e temas vinculados co consello: para traballar anualmente e de organización interna (votacións, toma de decisións, deseño de propostas...).
- Deseño de espazos e programacións: remodelación de parques, pintar os muros do colexio, renovación da biblioteca municipal, peticións para a programación cultural municipal ou actividades estivais para adolescentes, codeseño do parque de recreo do centro escolar.
- Sensibilización e concienciación: educación viaria, relacións interxeracionais, coidado e respecto ao medio ambiente (plantacións de árbores, concurso de relatos para o día do medio ambiente), campañas a través das redes sociais sobre o bullying ou para o fomento da participación de NNA (TikTok, Instagram, Twitter).
- Participar en encontros con outros NNA: entre varios consellos municipais galegos, encontros autonómicos e estatais de consellos infantís, por exemplo os promovidos por UNICEF, o Parlamento galego, etc.

En relación a como participan as mozas e mozos nestes lugares e espazos, tomando como referencia a clasificación elaborada por Trilla e Novella (2001) respecto das formas de

participación, maniféstase que as formas consultivas e proxectivas son as maioritarias; os/as NNA propoñen, valoran certos temas de maneira deliberativa e implícanse activamente nas diferentes fases das iniciativas ou proxectos que se desenvolven (deseño, aplicación, execución...). Ademais, as accións propostas materialízanse e teñen proxección e impacto na comunidade, na gobernanza e nas propias NNA.

2) Os centros escolares:

Infírense dúas intencionalidades en canto á participación de NNAs no marco escolar. Dunha parte, a elección de representantes que formarán parte dos órganos de participación (CLIA) así como a colaboración nas distintas accións que desenvolven desde o consello e/ou o municipio; doutra, para canalizar a promoción e fomento da participación destes colectivos na cidade, onde se sitúa de maneira particular o concello da Coruña (carente de consello infantil e adolescente).

O caso da Coruña, enfoca as súas accións ás temáticas relacionadas co deseño do espazo público (accesos aos centros escolares, instalacións, accesibilidade...), co medio ambiente, coa elaboración de propostas para o pleno municipal e co fomento do emprendemento.

Nesta ocasión, predominan as formas de participación simple e consultiva, quedando a proxectiva relegada a accións puntuais. A este respecto, é preciso deixar constancia dos comentarios de dúas nenas sobre o descontento causado tras a súa participación en iniciativas que acabaron en “saco roto”:

En sociais nos preguntan, ¿Qué deberíamos hacer para mejorar no sé qué de la ciudad? Y todos decíamos nuestras ideas, pero básicamente creo que en realidad las ideas ahí se quedaron en el ejercicio, fue no sé qué, no sé cuánto, se acabó punto”; “A nosotros nos suelen pedir una hoja entera llena de preguntas que las vas respondiendo, incluso con ideas y es que no vale para nada, porque lo haces, lo corrigen ¿y de que te vale? ¿Para gastar una hoja de papel? (GNA3D1).

A manifestación destes sentires delata a importancia de que as propostas que realizan as NNA sexan escoitadas, se teñan en conta e se materialicen; do contrario, deberían darse as explicacións oportunas que motivan a súa non consideración. Esta reivindicación manifestada polas NNA atende aos estándares mínimos propostos por UNICEF (2019) e/ou as condicións básicas (Save the Children, 2017) para unha participación ética, efectiva, valiosa e de calidade, tal e como se menciona na parte teórica deste estudo. Ademais, alude á utilidade da participación, como indican as/os adolescentes no estudo de Esteban e Novella (2018), no que expresan que a participación ten que servir para obter respostas. Solicitan, pois, que as representacións convencionais sobre a falta de disposición para a

participación sexan superadas cara ao seu recoñecemento como persoas do presente e non axentes de futuro, como cidadanía con axencia e competencia transformadora.

Por conseguinte, este comportamento adulto causa desmotivación e indiferenza na cidadanía máis nova, fronte á posibilidade de xerar nela o interese por participar en iniciativas destas características para aprender a participar participando; á vez que se lles dá a oportunidade de descubrir que vale a pena facer cousas e implicarse en proxectos colectivos. Nesta liña apuntan as peticións dunha informante respecto a eliminar as barreiras entre persoas adultas e adolescentes, así como a liderar os procesos participativos por persoas coetáneas posto que consideran que acadarían maior éxito, segundo advirten na investigación realizada por Esteban e Novella (2018).

Pola contra, outros traballos de investigación constatan que o sistema escolar non é o mellor lugar para aprender cidadanía e participación (Aguado et al., 2018; Conseil National d'évalue du système scolaire, 2016). Os resultados do estudo realizado pola *Confederación Estatal de Asociaciones de Estudiantes* (CANAE, 2021) tamén avala este discurso, pois revela que menos dun terzo do alumnado di sentirse escoitado nos seus respectivos centros escolares e un 80% asegura ser escoitados menos que outros membros da comunidade educativa (nais, pais e profesorado). En contraposición, o estudo de García et al. (2019) analiza o estado da participación infantil en centros educativos de Cataluña dende as percepcións da dirección escolar, e sinalan que o colectivo infantil é incorporado como socio na gobernanza do centro, pero o seu grao de participación referido á incidencia no funcionamento é menos recoñecido. No entanto, máis des tres cuartas partes das direccións escolares consideran que o alumnado decide en aspectos relacionados coa aprendizaxe (traballo colaborativo), a convivencia (elaboración de normas) e o funcionamento (votación de propostas).

3) Experiencias impulsadas desde as administracións locais a través dos diferentes departamentos con repercusión na comunidade:

Este terceiro escenario caracterízase pola posta en marcha de programas e propostas vinculadas a diferentes departamentos municipais, desde os que solicitan a participación e implicación das infancias. As temáticas das accións máis presentes relaciónanse con:

- Voluntariado na comunidade: Programa municipal de voluntariado, Programa de voluntariado “Antenas de información”.
- A información e difusión sobre recursos e servizos do municipio para a mocidade: Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX).

- Medio ambiente: recollida de materiais reciclados para deseñar espazos e elementos desde a súa perspectiva.
- Convivencia: programa de intercambio escolar entre alumnado galego e portugués (Eixo Atlántico).

Nestas accións, as formas de participación oscilan entre a simple, a consultiva e a proactiva; onde NNA pasan por diferentes fases, ben de maneira simbólica ou para participar activamente nalgunhas das iniciativas, sendo protagonistas das mesmas e sentíndose corresponsábeis no seu desenvolvemento e implementación.

#### 4) Experiencias autoxestionadas por adolescentes na comunidade:

Son aquelas iniciativas promovidas e lideradas exclusivamente por adolescentes vinculadas a asociacións de carácter cultural e deportivo. Este escenario só foi mencionado nun dos tres concellos (Tomiño), cuxas accións se dirixen ao ámbito cultural e deportivo con finalidades lúdicas: “Luego hay asociaciones, pues como ‘Os Teixugos’, el festival Taiña, que están hechos totalmente por gente joven... pero es más centrado en su ámbito cultural o deportivo; así, como el consejo, no hay nada más” (GD2E27). En cambio, a revisión de alcance sobre as experiencias dirixidas por NNA elaborada por Mateos et al. (2022) apoian a idea da diversidade de contornas nas que a participación é dirixida por estes colectivos; así como dos temas que centran os seus procesos participativos, entre os que destacan os escenarios ambientais e urbanísticos. Así, na investigación de Novella e Sabariego (2020) as experiencias relacionadas con frear o cambio climático e promover o coidado do medio ambiente son as que predominan, destacando as accións ligadas ao movemento Fridays For Future (FFF).

#### 5) Actividades extraescolares no concello:

O grupo de NNAs tamén identifica lugares ou espazos nos que participan mediante as actividades extraescolares no seu concello (baile, rugby, fútbol, música...). Nesta ocasión, a forma de participación común é a simple, asociada á mera asistencia tomando parte como executantes da acción creada ou deseñada por outras persoas adultas. Uns datos que coinciden cos achados no estudo realizado por Cano et al. (2019), onde as NNA destacan as actividades lúdicas do barrio, o espazo público e as actividades propostas polos centros escolares como os escenarios onde participan de maneira significativa.

#### - **Efectos e incidencias da participación infantil**

Neste apartado abórdase a incidencia e/ou os efectos da participación nas respectivas comunidades, a gobernanza e o colectivo de NNAs desde a perspectiva de cargos electos,

figuras técnicas e profesionais expertos en materia de participación infantil e adolescente. Dentro da comunidade, os impactos percibidos pódense agrupar en tres tipos:

- a) *Fomento da cohesión social*: a participación de NNA en accións comunitarias axuda a mudar a imaxe que impera sobre eles/as, con especial énfase nas persoas adultas, a través da proxección das súas accións ao conxunto da comunidade:

Cando ven que a infancia e a mocidade está activa, pois esa xente cambia a perspectiva negativa, para que a poboación vaia aprendendo que nós temos que aprender moito de nenos e nenas, vale? Que ás veces témolos aí coma se foran nada, unha cousa, non? (GT2E29.1).

- b) *Educación na participación*: destacan a importancia de aprender a participar desde idades temperás como pretexto para a formación dunha cidadanía participativa, crítica e corresponsábel para coas súas comunidades de referencia ao longo do ciclo vital e nas súas diversas esferas. Ademais, propicia en NNA a adquisición de valores como a colaboración, a inclusión, a responsabilidade, a convivencia, o respecto ao próximo e á cultura, etc. En consecuencia, favorécese o sentimento de identidade e pertenza que posibilita a NNA ser protagonistas conscientes das transformacións da súa contorna máis próxima para crear cidades máis sostíbeis e habitábeis: “se a infancia e a mocidade aprende a participar e ser partícipe van a seguir sendo persoas adultas responsables coa participación e coa inclusión e coa colaboración e van a formar parte desa cidadanía” (GT2E29.1); “aquellos cidadanos de corta idade que participan en todo el tejido social de una ciudad, luego serán adultos y podrán seguir participando en la sociedad desde la mayoría de edad” (GP3E29.1).

- c) *Innovación e incremento das iniciativas na comunidade*: a este respecto sinalan que a participación de NNA non só posibilita o incremento de accións/actividades e unha maior implicación, senón que achegan puntos de vista renovados e máis ricos, aportando “frescura; que vean que la gente joven no es tan egoísta como siempre se piensa, ¿no?” (GD2E29.1); “si ellos participan, somos más en el Ayuntamiento y se pueden hacer muchas más cosas. De hecho, lo que se pretende también es eso; que se involucren en cuanto al tema de asociacionismo, en las actividades que hacen...” (GT1E29.1).

No estudo de Agud e Llena (2018) afirmase que a gran maioría dos consellos de participación infantil consultados (70,9%) considera que a actividade destes órganos teñen unha incidencia media na comunidade, sendo alta só nun 7,3% e baixa nun 21,8%. Ademais, coinciden coas investigacións de Agud (2014) e Cano et al. (2021) respecto á contribución de ideas frescas e renovadas a nivel institucional, así como ao fomento das

oportunidades de participación destes colectivos e, por ende, na mellora do municipio e na educación dunha cidadanía democrática dende idades temperás. Do mesmo xeito, no estudo de Rodríguez e Luengo (2017) constatouse que a posta en marcha de actuacións de participación infantil dende un marco de desenvolvemento comunitario consegue unha maior cohesión social intragrupal (NNA) e intergrupala (NNA e os distintos colectivos implicados nos procesos participativos), así como melloras nas relacións de convivencia ou nos estereotipos culturais.

En canto á gobernanza, evidéncianse tímidos avances nas medidas políticas tomadas; que, no fundamental, se concretan en dúas liñas básicas:

1. A inclusión progresiva da cidadanía activa de NNAs como parte das políticas públicas que inciden no proxecto colectivo de cidade/municipio: de forma consultiva e transversal a distintas áreas e/ou departamentos (Urbanismo, Benestar...). Esta actuación permítelles atender con maior realidade ás necesidades de NNAs, a xestionar con eficacia os recursos públicos, incluír as súas opinións e –por tanto– aumentar a súa participación.
2. Fomento da relación e traballo en rede con outras entidades e asociacións do tecido social: buscando a complicidade nos proxectos ou accións que desenvolven desde os órganos de participación e/ou a xeración coordinada de novas iniciativas.

Na mesma dirección apunta o traballo de Cano et al. (2021), onde se reflicte a escasa consolidación do exercicio da participación e a súa incidencia sobre as políticas públicas e na cogobernanza das administracións locais. Pola contra, o estudo de Collins et al. (2016) sobre consellos xuvenís municipais advirte de impactos específicos relacionados co cambio de políticas.

Así e todo, se ben estas incorporacións resultan sutís, supoñen un paso importante para seguir avanzando na incorporación das infancias nos diferentes temas e nos procesos de toma de decisións que –dun xeito ou doutro– repercuten no concello e na súa transformación (coprodución municipal); unha circunstancia que require de estratexias colaborativas interdepartamentais e transversais no terreo administrativo, e que serve de premisa para continuar tecendo redes cos demais axentes que configuran o ecosistema socioeducativo e comunitario. Estes elementos axudan á construción dunha cultura democrática e inclusiva que permite reforzar a identidade de nenas, nenos e adolescentes como cidadanía activa.

Por último, no que ás NNAs se refire, as narrativas do conxunto de informantes demostran unha valoración positiva sobre o impacto da súa participación coa xeración de novas aprendizaxes vinculadas co desenvolvemento de capacidades e habilidades, así como

experiencias que lles reportan coñecementos e novas oportunidades colectivas para coñecer, explorar e dialogar. De maneira sintética, identifícanse:

- a) Adquisición de capacidades e habilidades como: traballo en equipo, respecto ás demais opinións, expresarse de maneira asertiva (dar a súa opinión real), a resolución de conflitos, responsabilizarse, razoar, reflexionar, comprender, debater e a crítica; valores como a solidariedade e a empatía ou a participar entre iguais.
- b) Pola súa banda, as experiencias vividas posibilitan ás NNAs a formar parte de procesos participativos que lles preparan para exercer a súa cidadanía; novas oportunidades para relacionarse e participar xerando novas redes sociais (en encontros con outros consellos, en espazos compartidos con persoas adultas en plenos, Parlamento...); facer un exercicio de responsabilidade cidadá e política; coñecer e implicarse no funcionamento das institucións (xestión, limitacións, toma de decisións, orzamentos...); favorecer un interese común por ser parte da sociedade ao estar admitidos/as nela ou desenvolver un contexto de intelixencia emocional mediante as interaccións.

Un conxunto de aprendizaxes e experiencias que potencian o desenvolvemento persoal, a formación e concienciación cidadá, política e participativa en NNA; á vez que incrementan o nivel de participación e a súa confianza nas institucións públicas. Neste sentido, o comentario da dinamizadora entrevistada simplifica de maneira extraordinaria o que se vén analizando en canto á participación social destes colectivos: “Han entendido que la sociedad la construimos entre todos” (GD2E29.3); isto é, un exercicio de corresponsabilidade democrática que se apoia no diálogo e na acción comprometida de todos os seus actores, incluídos os/as NNAs. Este conxunto de efectos alíñase, en grande medida, co expresado noutras investigacións nas que se sustenta o marco teórico deste traballo (Agud & Llena, 2018; Cano et al., 2021; Martínez & Martínez, 2000; Save the Children, 2017; UNICEF, 2019).

## **6. Conclusións e prospectiva**

As representacións sociais sobre os colectivos das infancias manifestadas polo elenco de informantes, sitúanse na perspectiva que considera ás NNAs como suxeitos activos, con capacidades e como cidadanía do presente. Esta perspectiva renovada evidencia un avance para seguir favorecendo un cambio de miradas respecto a estes colectivos como parte da cidadanía e na materialización deste dereito, tal e como apuntan outros estudos recollidos no referencial teórico-conceptual. De igual xeito, os resultados revelan a existencia dunha visión diferenciada entre a mostra entrevistada e as concepcións sobre as NNAs que infiren de boa parte da poboación; esta última máis escorada cara ás representacións tradicionais

que veñen imperando no erario sociocultural ao longo dos anos. É neste punto onde se sitúa o maior desafío nos contextos que se estudan; ante o cal, as persoas encargadas do impulso e o fomento da participación infantil expresan abertamente a necesidade de enfocar e centrar os esforzos nesta dirección.

Igualmente, sinalan diferenzas entre as infancias e adolescencias á par que recoñecen maior facilidade para traballar coas infancias fronte á complexidade que supón atender ás necesidades e inquietudes nas idades superiores. Unha complexidade que atribúen ás características propias deste ciclo vital pero que se ven alimentadas polos estereotipos e clichés que recaen sobre a mocidade. Quizais, a chave para garantir a eficacia e eficiencia dos proxectos cara a elas/eles comporte incorporalas/os en todas as súas fases (idear, deseñar e avaliar). Non obstante, a dificultade radica en como facer para implicalas/os. Para dar resposta a este reto, existen ferramentas de natureza socioeducativa e de animación sociocultural que se fan indispensábeis para darlles as oportunidades de actuar e reivindicar as súas necesidades, intereses e demandas. Apostar por estas formas de facer, distanciándose doutras máis verticais (institucional), é crer nas NNA e nas posibilidades da súa participación. Baixo estas premisas, enténdese que os espazos de participación xuvenil son viveiros para que xerminen persoas implicadas nos proxectos, iniciativas e experiencias por e para elas/eles.

En canto á cidadanía das infancias, os resultados suxiren que a representación manifestada polo grupo informante está orientada á tendencia que mantén que as NNA son cidadanía do presente e actores sociais con sentido de axencia; cun explícito recoñecemento da cidadanía que conforma o tecido social. Se ben se observa unha inclinación ás tipoloxías de cidadanía diferenciada, activa, inclusiva e práctica, tamén se identifican unha serie de barreiras que repercuten na súa materialización real e efectiva, con especial énfase na distancia existente entre a teoría –documentos oficiais– e a súa posta en práctica. Porén, de acordo con Liebel (2021), impulsar proxectos que partan deste punto de vista promove a cidadanía activa das infancias e contribúe á transformación de estruturas adultocéntricas e excluíntes en beneficio de nenas, nenos e adolescentes. Na mesma liña se sitúa Ruiz (2019), quen sinala a autonomía progresiva de NNA como o camiño a seguir cara a cidadanía; e así acadar a igualdade de dereitos entre as persoas e lograr sociedades máis xustas e democráticas. Unha loita, argumenta o autor, que se fundamenta no recoñecemento da súa diferenza como grupo social da sociedade, próxima á concepción de cidadanía centrada na diferenza aportada por Gaitán e Liebel (2011).

No relativo á participación das infancias, demóstrase que participar dende idades temperás é un dereito que expresan a maioría das persoas entrevistadas, tamén as NNA. Un dereito que debe transitar “da escoita e ter en conta” á “actuación *con* e *desde*” ás infancias,

incluíndo as súas voces na toma de decisións dos seus concellos para incidir nas políticas municipais. Unha corresponsabilidade atribuída aos gobernos locais e demais axentes implicados na participación infanto-xuvenil, posto que exercer este dereito significa aumentar o sentimento de pertenza e identidade para coas súas comunidades e/ou municipios; por ende, a súa aceptación como parte da cidadanía. A este feito súmanse as valoracións positivas dadas polas persoas entrevistadas así como polas propias NNA, o que converxe co resultado noutros estudos sobre a necesidade e importancia de potenciar a participación de NNA (Agud & Llena, 2018; Novella et al., 2013); entendéndoos como un requisito esencial dos sistemas democráticos e un elemento imprescindible para a materialización dunha forma de exercer unha cidadanía auténtica, responsábel e implicada (Esteban & Novella, 2018).

Pola súa parte, nas formas de participación das infancias no municipio indicadas evidénciase a atribución cos medios (programas, recursos e/ou programas), o que acentúa a intervención da figura adulta como a encargada de facilitar, iniciar ou organizar os proxectos, experiencias ou iniciativas de participación, en detrimento das lideradas e/ou autoxestionadas por NNA. Ademais, tomando como referencia a clasificación de Trilla e Novella (2001), entre as formas de participación nas iniciativas comentadas resaltan a consultiva, seguida da proactiva. Se ben son loábeis e necesarias todas as formas de participación, é preciso ir máis aló –de estar presentes nestes espazos, da escoita activa e expresión de opinións–, coa incorporación de metodoloxías activas que potencien o pensamento crítico-reflexivo e articulen accións comprometidas dende prácticas implicativas (Llena & Novella, 2018). Isto é, favorecer as formas proactiva e metaparticipación –ou metaparticipación proactiva– xa que esta forma caracterízase por basearse na reflexión *en, para e sobre* a acción; ao tempo que resulta un mecanismo a través do que se toman as decisións e se planifican as accións a desenvolver. Noutras palabras, as NNA teñen que ser arquitectos/as da súa propia participación, apostando por un rol investigador/avaliador das súas prácticas así como dos avances que se logren para progresar na asunción de maiores cotas de protagonismo e liderado.

Con respecto á terceira e cuarta pregunta de investigación, os escenarios de participación identificados apuntan a unha institucionalización da participación das infancias no ámbito municipal, onde os órganos de participación resultan a canle dominante (agás no caso da Coruña). As accións identificadas nos órganos alíñanse coas funcións de representar, propoñer e deseñar propostas (Trilla & Novella, 2011) e de sensibilización e concienciación dos niveis creados (Novella, Mateos, et al., 2021). En cambio, conséntase a escasa presenza de escenarios liderados por NNA, enunciados unicamente no caso de Tomiño.

Cómpre resaltar que o liderado destas iniciativas é asumido polas/os adolescentes, cuxas accións se vinculan aos eidos da cultura e o deporte.

Sobre a quinta pregunta de investigación, os resultados ratifican unha serie de efectos e incidencias en tres direccións: nas NNA, a gobernanza e a comunidade. De aí que se poda inferir que a participación infanto-xuvenil supón unha oportunidade para o desenvolvemento persoal, social e comunitario; unha finalidade que pretende fomentar a construción dunha identidade cidadá en aras de favorecer a autonomía das infancias e construír sociedades máis democráticas, inclusivas e sostíbeis. Porén, é na gobernanza onde se deben redobrar os esforzos, por ser o espazo onde menos repercusión ten a inclusión da participación das NNA nas políticas públicas e na coprodución municipal.

Así e todo, este estudo non estivo exento de certos atrancos. Aludir ás limitacións da investigación resulta un exercicio de autocrítica reflexiva, pero necesario tanto para recoller as principais dificultades presentadas durante o proceso como as consideracións que é preciso evitar en futuras investigacións a desenvolver no marco desta temática. En primeiro lugar, sinálanse aspectos relativos aos instrumentos de recollida da información. Así, no desenvolvemento das entrevistas virtuais “perdeuse” –en relación á modalidade presencial– a calidade nos procesos de interacción interpersonal e técnico de recollida de información (Ruiz, 2012), por mor das caídas na conexión que dificultaron a fluidez da conversa, así como a xeración dun clima de maior comodidade en espazos de confianza das persoas entrevistadas. Tamén a imposibilidade de desenvolver todos os grupos de discusión diferenciados (NNA organizados e non organizadas) para potenciar o referencial empírico-analítico da investigación, reducir no posíbel condicionar as respostas entre ambas partes e incluír máis voces de NNA. En segundo lugar, as dificultades á hora de recadar maior información respecto aos consellos de participación infantil (Caso 1 e 2) debido á que os contidos das respectivas páxinas webs municipais están sen actualizar (actas de sesións, regulamentos, accións, etc).

Outro aspecto a comentar é a desvinculación do caso 2 estudado (Moeche) na parte final do proceso (obradoiro participativo 2), reducindo deste xeito a posibilidade de recoller as súas contribucións neste espazo deliberativo. Ademais, cabe mencionar as limitacións vinculadas ao enfoque metodolóxico empregado (cualitativo), no referido á complexidade de procesar grande cantidade de información (tendo en conta que este aspecto viuse minimizado co emprego do programa informático ATLAS.ti), ao que se pode unir unha maior calidade na análise dos datos (explotación e interpretación); dúas cuestións interpeladas pola novel experiencia do autor deste traballo no eido da investigación social e educativa.

Por último, en clave prospectiva, preséntanse posibles propostas de continuidade ou ampliación desta liña temática facendo eco dos principais resultados obtidos; considerando que a participación das infancia na realidade galega é un ámbito relativamente recente e aínda por experimentar en profundidade. Non obstante, o feito de preguntarse e conversar a este respecto, supón un avance nesta liña que debe ser recoñecido. Dito isto, resulta propicio ampliar miras cara a outros concellos –que forman parte ou non das citadas redes de Cidades Amigas da Infancia ou Cidades Educadoras–, e aquelas entidades, institucións ou asociacións que fomentan a participación destes colectivos no contexto galego, coa intención de construír unha representación máis holística e integral da realidade obxecto de estudo. Así mesmo, posibilitaría recoller a diversidade de voces implicadas nos procesos participativos que están a proliferar nos últimos anos, en beneficio de coñecer e analizar os diferentes aspectos ou elementos que limitan –ou incluso rexeitan– a materialización do dereito á participación de NNA nos diferentes contextos e escenarios para tal fin.

